

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día catorce de novembro do ano dous mil catorce, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación. co fin de celebrar sesión extraordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Placido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don Julio Pérez Carballo, don José Manuel Freire Couto, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eliseo Fernández Gómez e don Eladio Mangana Novoa, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don Guillermo Fernández Dopazo, don José Víctor González Vázquez, dona Elvira Lama Fernández, dona Mónica Vázquez Blanco, don Miguel Bautista Carballo, dona M.<sup>a</sup> del Carmen Figueiral Iglesias e dona Victoria Morenza Doforno, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG.

Non asisten don Emilio José Pazos Ojea, do Grupo Popular, nin don José Víctor González Vázquez, do Grupo Socialista.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia, convocada de conformidade coa Disposición adicional quinta do Código Ético da Deputación, procédese ao tratamento dos puntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- DEBATE SOBRE O ESTADO DA PROVINCIA DE OURENSE, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2014.-**

**O Sr. presidente** dálles a benvinda a todos os convidados ao Pleno extraordinario para debate sobre o estado da provincia de Ourense e anuncia que este Pleno terá unha suspensión de trinta minutos para que os tres grupos políticos con presenza na Corporación, poidan achegar posturas en relación ás propostas presentadas dentro do prazo concedido cando se convocou a sesión plenaria. O Pleno comezará coa intervención da Presidencia da Deputación, por un tempo máximo de corenta minutos. A continuación intervirán os grupos políticos por un tempo máximo de vinte minutos cada un e de seguido suspenderase o

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

Pleno polo prazo de trinta minutos e reiniciarase coa intervención de novo da Presidencia polo tempo máximo de vinte minutos á que seguirán os grupos por un tempo máximo de dez minutos cada un. O debate pecharase cunha intervención do presidente por un tempo máximo de cinco minutos. Unha vez concluído o debate someteranse a votación as propostas de resolución presentadas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Do **Sr. presidente**, co seguinte contido: señoras deputadas, señores deputados, convidados, vicepresidente do Parlamento de Galicia, deputadas e deputados nacionais, senadores, parlamentarios autonómicos, subdelegado do Goberno, delegado territorial da Xunta, delegado de Defensa, presidente da Cámara de Comercio e Industria, representantes empresariais, representantes da Universidade, representantes de organizacións sindicais, culturais, sociais, alcaldes e alcaldesas, ourensáns e espectadores a través da retransmisión que estamos a facer dende a páxina web da Deputación de Ourense. Ourense patria do corazón. Esta expresión forma parte da letra do himno da nosa provincia -estreado como tal nesta semana, no día de San Martiño- composto por Manuel de Dios, medalla de ouro da provincia, e que resume o obxectivo final de toda acción política desta Deputación: a mellora de Ourense. Celebramos por primeira vez o que noutras cámaras de representación política se coñece como “debate sobre política xeral” ou debate sobre o estado do noso territorio competencial como institución pública. Asistimos e participamos pois no primeiro debate sobre o estado da provincia, monográfico, extraordinario e que constitúe unha novidade que incorporou o Código Ético e de Conduta desta Deputación, o primeiro dun goberno provincial en España, e que este Pleno aprobou neste mesmo salón o pasado 30 de abril. Celebrámolo no mes de novembro, o do patrón de Ourense, e de conformidade co formato que lle presentei á xunta de portavoces. Unha ocasión máis para falar de Ourense, da nosa provincia, co lóxico debate político pero tamén con propostas de resolución que os tres grupos da corporación tiveron a ben presentar. Propostas que serán obxecto de negociación e achegamento durante a suspensión que faremos deste pleno para votalas inmediatamente antes de que remate a sesión. Ourense non pode analizarse illadamente. Nin Ourense é unha illa, nin Galicia nin por suposto España. As avaliacións deben facerse en termos relativos. E son momentos en que, por exemplo, chega a hora da verdade para o Banco Central Europeo, que preside Mario Draghi, logo de estrearse no seu papel

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

supervisor dunha banca que vén de espirse nas probas de esforzo. Como primeiro paso cara unha unión bancaria que ten por diante moito percorrido. Confiando en que se cumpran as verbas de Daniele Nouy, a presidenta do mecanismo único de supervisión bancaria europeo, e que flúa o crédito a consumidores e pequenas empresas. Ese é o mesmo obxectivo final que perseguimos co acordo que asinamos con ABANCA no Mosteiro de Oseira o pasado 21 de xullo, dentro do noso Plan Transforma Ourense. Un acordo que situou no marco financeiro máis de 30 millóns de euros para emprendedores, autónomos, empresas e concellos da provincia. Falamos dun factor clave. Sen dúbida estamos ante un novo ciclo financeiro, un tempo onde Francia, Italia e Alemaña están obrigadas a cambios no rumbo das súas políticas para evitar unha terceira recesión. Neste novo tempo no que residimos directamente relacionado coa situación e coa desigualdade existente, temos que falar tamén do fortalecemento da democracia. Non sería a primeira vez. Pasou na posguerra fortalecendo a igualdade política. Mecanismos como o sufraxio universal, institucións sociais de control, salarios mínimos ..., creouse un novo contrato social coa colaboración de forzas política conservadoras e socialdemócratas, soporte claro para a estabilidade. Non serei eu quen negue que posiblemente precisemos un novo contrato social e político que fortaleza a democracia e reduza a desigualdade. E aí entra de cheo a nosa liña institucional básica: a transparencia. Pero a unidade política semella tamén unha importante ferramenta para solucionar as condicións económicas adversas. Concordo que hai base para pensar que a polarización política dana a economía, fenómeno analizado durante o período de crise económica entre 2007 e 2012 pola prensa escrita norteamericana, pois a agudización do desencontro político aviva as incertezas da poboación sobre a política fiscal e elo conduce a unha redución do gasto privado e a unha diminución da produción, do emprego e do investimento. De todos os xeitos a tendencia dos últimos meses apunta datos e momentos nos que en España algo se move no mercado laboral, freándose en seco a destrución de emprego e comezando as empresas, que crean 3,4 empregos novos de cada cen en cada trimestre, a tomar decisións de emprego. Tempos tamén nos que o BIG DATA figura con letras maiúsculas na axenda tanto das organizacións políticas como das administracións públicas. Falo da xestión masiva de datos. En 2013 investíronse 47.000 millóns de dólares en crear estruturas –incluído software- de nube pública, investimentos que chegarán a 107.000 millóns de dólares en 2017. E é certo (como di Robert Rigobon,

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014**

profesor do MIT) que “ter máis datos non quere dicir que teñamos mellor información” mais eses datos deben ser públicos. Porque estamos na hora da chamada intelixencia económica e urxe mellorar a xestión e coordinación da información para aumentar a competitividade. A información para as administracións públicas pero a información tamén para as empresas. Unha necesidade sobre todo para as PEMES. A información é o activo máis importante dun autónomo, é o que lle permite medrar, anticiparse aos cambios e protexerse cando consegue un produto ou un servizo de valor engadido. E a intelixencia económica debe ser proactiva nunca defensiva. Eu quero para Ourense, o meu goberno quere para Ourense, retos e ambicións, cunha clara folla de ruta. Un Ourense sen vitimismos facilóns, sen negativismos, sen agoreiros de desastres nin profesionais da apocalipse. Quero, queremos, futuro e saber onde estamos. Quen dixo que éramos a provincia máis despoboadada de España? Falso. Temos aínda máis poboación que trece provincias de España. Quen di que somos a provincia con menor densidade de poboación de España? Falso. Temos 45 persoas por quilómetro cadrado. Máis que 19 provincias de España. Máis que a media de comunidades autónomas como Aragón, Castela e León, Castela-A Mancha ou Estremadura. Quen di que temos moitísimos concellos? Falso. A media de concellos por provincia en España é de 156. Temos 92. Só Burgos ten máis que toda Galicia: 371. Quen di que somos a provincia con máis porcentaxe de parados de España? Falso. Somos a 31 provincia de España, é dicir, hai 30 provincias que teñen maior porcentaxe de parados que Ourense. En qué estatística somos os peores do país? En ningunha. Por qué non nos poñemos a pensar en positivo sobre o futuro da provincia e as posibilidades que teñen os 7.273 quilómetros cadrados da súa superficie ... Por certo, máis que 15 provincias de España ... pero tamén máis superficie que comunidades autónomas enteiras como Illes Balears, Cantabria, Euskadi ou A Rioja. Somos a provincia 36 en superficie e a 39 en poboación, e a número 20 tendo en conta a maior porcentaxe de habitantes concentrados na capital (32,33 % fronte ao 31,96 % do conxunto de España). Temos desafíos claros: máis emprego e máis poboación. As nosas principais preocupacións. A suma perfecta para facer máis Ourense. Non nos fixemos só nas debilidades e nas ameazas, sen descoidalas por suposto. Fagamos fincapé nas nosas fortalezas –que temos e moitas- e nas nosas oportunidades –que existen e que aproveitaremos-. Cuestións que forman parte das accións prioritarias que desenvolve a Área

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

de Benestar desta Deputación, que está a elaborar un catálogo de actuacións no que as reflexións e todas as opinións son benvidas, como as que xurdiron no Foro de expertos que celebramos hai semanas no Centro Cultural “Marcos Valcárcel”. Aproveito para anunciar tamén que o Observatorio Económico Provincial terá unha vertente demográfica, que avaliará tamén tanto a evolución destas décadas como as proxeccións poboacionais. Datos que axudarán, non o dubiden, a adoptar as mellores e máis axeitadas decisións públicas dende esta institución e a actuación coordinada con outros niveis territoriais de goberno. Falemos de Galicia e falemos de España. Porque as previsións demográficas ameazan cunha inversión piramidal da poboación que impactará na economía das próximas décadas. Unha tendencia que podería modificarse con políticas activas de emprego para a mocidade –así as poremos en marcha dende a Deputación- , medidas de fomento á natalidade –que non descartamos- e axudas fiscais –que reclamaremos-. Porque os datos de Galicia son que en 2029 terá 207.478 habitantes menos que na actualidade. Que pasaremos de 52 nacementos por día a unha media de 34. E que o número de persoas maiores de 64 anos medrará un 18,5 % nos tres próximos lustros. Galicia perderá a cuarta parte dos seus mozos en quince anos. Segundo datos do INE, en Ourense somos 326.724 habitantes, o que supón o 11,8 % da poboación de Galicia. Unha provincia sen grandes núcleos de poboación e cunha elevada dispersión, o que supón un desafío á hora de prestar servizos públicos de calidade. Mais o noso territorio presenta certa uniformidade en materia municipal ao ser similares as características dos seus concellos, e esta homoxeneidade en tamaño, recursos ou retos permite establecer redes administrativas, plans ou estratexias comúns. En canto á realidade económica, a provincia é a cuarta de Galicia en termos de contribución ao PIB. Segundo os datos do INE e de Eurostat de xaneiro de 2014 en 2011 o PIB per cápita en Ourense foi de 19.305 euros, un 4,4 % menor que en 2008. Sendo inferior ao PIB per cápita de Galicia nun 5,7% en un 15% ao nacional, aínda que na serie 2008-2011 subiu en Ourense baixando en Galicia e en España. O PIB a prezos de mercado da provincia de Ourense situouse en 2011 en 6.218 millóns de euros, contribuíndo nun 0,59 % ao PIB a prezos de mercado español. O estancamento económico xeneralizado da economía española provocou na economía ourensá unha crise de demanda, tanto de consumo como de investimento. A ollos dos analistas económicos estas cifras poñen de manifesto que a nosa é unha provincia dinámica e mellor situada que outras de características similares, mais

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

precisa avanzar en comparanza cos territorios de seu entorno. No marco de Galicia é preciso reforzar o desenvolvemento de Ourense para aliñalo co crecemento logrado polo Eixo Atlántico. En canto ao tecido empresarial, cabe sinalar que o ourensán está formado por 22.694 empresas, das que o 51,9% son autónomos, o 44,8% contan con menos de dez traballadores, seguindo a estrutura empresarial de Galicia que conta con porcentaxes similares. A evolución das cifras de desemprego dos últimos meses son positivas pero, como dixen antes, o paro, xunto co problema demográfico, deben ser as grandes preocupacións das administracións públicas e os retos máis importantes que teñen que fixarse. Á vista dos datos,ponse de manifesto que é preciso avanzar en materia de cohesión territorial e prestación de servizos públicos. O Observatorio Económico da Deputación constitúe unha ferramenta acaída para adoptar as mellores decisións públicas, nun tempo marcado pola priorización dentro das prioridades. Subminístranos datos provinciais e comarcais, descendendo tamén á análise por concellos. Sabemos perfectamente tamén onde Ourense é referente de ámbito nacional: no campo agroalimentario; en número de denominacións de orixe vitivinícolas; na nosa potencia termal; no sector da lousa; na riqueza paisaxística e natural; na nosa riqueza patrimonial e arquitectónica .... O noso sector agroalimentario, a lousa e o téxtil figuran no guión como áreas de ineludible internacionalización nas empresas de Ourense. A día de hoxe as exportacións ascenden a case 700 millóns de euros, máis dun 12 % que o ano pasado. Sigamos dende esta administración xerando condicións para que xurda emprendemento no rural, autoemprego, cooperativismo, falemos e motivemos as bondades do coworking. Falemos de mellorar o bo que temos e de inverter as tendencias menos boas. Pero para iso hai unha magnífica receita: a credibilidade, que nace de escoitar á xente e de aplicar medidas racionais con resultados visibles. Porque tamén somos referente a nivel nacional en cuestións como o traballo que estamos a desenvolver dende esta institución. Así quedou de relevo cando lideramos e puxemos en marcha a primeira conferencia nacional de presidentes de gobernos provinciais neste pasado mes de marzo. Así o di calquera observador que comprobe cómo a Deputación de Ourense aprobou antes que ninguén un código ético, tamén antes que ninguén a ordenanza de transparencia, o pasado 27 de xuño e que entrará en vigor o día 16 do mes que vén, ou ordenanzas innovadoras e pioneiras tanto en materia de contratación de persoal como de subvencións e axudas públicas, destinando o 80 % delas en procedementos de

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

concorrenza competitiva. Tamén de transparencia e gobernos locais da provincia falamos hai semanas nunha xornada de referencia de ámbito nacional. Unha andaina que non ten volta atrás e así verase nesa unidade administrativa de transparencia e participación cidadán que tamén ten carácter pioneiro na administración pública española. Participación cidadá que nesta Deputación se propón tamén dende calquera dispositivo móbil ... o goberno aberto, a administración que está sempre a disposición dos cidadáns, dos cidadáns e dos concellos dentro desa estratexia de provincia intelixente que constitúe tamén xa unha das ideas - forza desta institución chamada a facer efectiva, e así é, o noso concepto da deputación como concello de concellos. Existen as provincias e tamén os intereses provinciais. E os seus gobernos: as deputacións. En España a organización territorial provincial relaciónase cos seguintes niveis de goberno: existen 6 comunidades autónomas uniprovinciais (Asturias, Cantabria, A Rioxa, Madrid, Murcia e Navarra) 3 deputacións forais (Álava, Biscaia e Guipúscoa), 38 deputacións provinciais de réxime común, 4 consellos insulares e 7 cabidos insulares. Eu, o meu goberno, o ten claro: a deputación é un instrumento chave no desenvolvemento provincial. A deputación fai provincia. A deputación é provincia. Hai 1.012 días este pleno elixiume como o seu presidente, e no meu discurso de toma de posesión a palabra Ourense foi a máis pronunciada. Hoxe é o pleno número 39 que presidido. Foi ese día e foron os días posteriores. Non só pronunciala, sobre todo pensala e ademais facela. Todo este tempo, para este goberno, en ningún momento deixouse de pensar sempre en clave de provincia, en clave de Ourense. Cunha filosofía básica: respectar a todos os concellos, aos 92 e á entidade local menor de Berán, con independencia da súa poboación. Facendo toda programación e actuación cunha visión integral de provincia. Fixemos deste tempo unha andaina con dúas verbas de esencial importancia en política: cooperación e planificación. Cooperación cos concellos, facendo realidade que sexa esta Deputación a administración máis próxima aos concellos, sendo estes os máis achegados aos cidadáns. Cooperación coa administración autonómica, asinando importantes acordos que van dende a elaboración do plan termal provincial, pasando así das palabras aos feitos, ata a execución do plan de infraestruturas agrarias do goberno autonómico pasando polos acordos para poñer en marcha os grupos de emerxencia supramunicipal. Cooperación co goberno de España como pon de manifesto a alianza co Ministerio de Industria, a través da EOI, para o Plan de Emprendemento 15-17 ou o Plan de

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014**

Emprego Xove do ano próximo. Cooperación coa Unión Europea coa nosa estratexia clara dos próximos anos dirixida a materializar proxectos que suporán un antes e un despois na historia da nosa provincia: a administración electrónica, o plan termal, a axencia da enerxía e do medio ambiente e o plan de competitividade. A outra palabra é planificación. Básica. Ten que ver coa visión inherente a todo proxecto colectivo. Fixarse retos e acadalos. Ordenar as nosas actuacións para axilizar resultados e buscar eficiencia e eficacia na xestión. Velaí o Plan Ourense 92 de xestión e estratexia operativa da Deputación, tan innovador como realizable e transparente. Cunha comisión de seguimento que a conforman todos os ourensáns e que constitúe un aval de compromiso con esta provincia e coas súas xentes. Porque planificación é elaborar e aprobar os orzamentos do ano seguinte no mes de outubro, como fixemos este ano. E desta forma, na comparecencia correspondente deste Presidente na comisión de economía, facenda e orzamentos do Parlamento de Galicia, acudir co documento aprobado, cuestión que ningún outro comparecente acreditou. Pero somos capaces de máis. E así, unha das propostas de resolución do meu grupo político hoxe aquí establece a aprobación no mes de setembro, fito que será de novo un referente no panorama das administracións públicas do Estado. Dentro de catorce días, no Pleno ordinario do mes de novembro, aprobaremos por primeira vez con tanta anticipación as bases do Plan provincial, que se aprobará inicialmente en febreiro, antes que nunca. Esta planificación que leva a que falemos hoxe dunha redución récord no endebedamento da Deputación de Ourense, mellorando as nosas optimistas previsións, que consistían en reducir do 116 % de decembro de 2011 ao 101% en maio de 2015. Pois ben, en decembro deste ano estaremos xa no 48 % e baixando ... Cada mes de xestión, e van case 34, dous puntos menos de débeda, medio punto menos cada semana, unha décima menos cada día laborable ... Facendo máis con menos, con menos cartos e menos persoal, financiando integramente os plans provinciais e dedicando máis cartos que nunca a investimentos, superando en 2015 os 17 millóns de euros, ocupándonos dos servizos sociais municipais, con ese modélico Plan BenOurense. Territorio, poboación e identidade constituíron e seguen a ser os tres eixos fundamentais da nosa actuación, e o concepto Ourenanía está presente en todos eles. Entendo que neste debate debo volver repetir que esta provincia debe fuxir dos discursos vitimistas, fatalistas e alarmistas que algúns interpretan dende hai anos e mudalos polo discurso das propostas, do futuro e das solucións. Pensar e actuar en

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

clave de provincia, un Ourense ambicioso e orgulloso de seu capaz do mellor. Entendemos a transparencia como a posta a disposición pública de información governamental que permite aos cidadáns monitorizar e controlar o traballo interno, as decisións e o rendemento das distintas unidades. E sendo a participación a inclusión dos interesados e dos cidadáns no proceso de decisión, de tal xeito que a súa implicación se reflecta na política pública que se adopte finalmente. Esta Deputación fai un uso estratéxico da transparencia e da participación, sendo dous instrumentos distintos e complementarios da rendición de contas, da apertura institucional (o próximo día 30, nova xornada de "portas abertas") e da forma de darlles resposta ás inquiredanzas da cidadanía. Non o dicimos nós, o di Transparencia Internacional que nos sitúa como o terceiro de España dentro dos 45 gobernos provinciais existentes. Como onde dicía o partido maioritario da oposición a nivel nacional, que catalogaba a transparencia como a ONG de referencia na vixilancia da política. Transparencia que pode apreciarse en multitude de comportamentos e pautas de actuación desta institución, como a que nos situou tamén como a primeira de España en retransmitir a través da web as aperturas de plicas nas mesas de contratación. Antes foron os plenos, como este, aos que calquera cidadán pode ter acceso. A curto prazo, outra ferramenta máis: a vídeo-acta. Creemos que é nosa obriga, como goberno cooperador, asistir aos concellos nesta liña estratéxica. Formando parte todo dun conxunto de medidas directamente relacionadas coa posta en marcha do portal da transparencia provincial que forma parte dunha das propostas de resolución que este Pleno vai ter a oportunidade de votar hoxe. Anuncio hoxe medidas como a elaboración dun cuestionario sobre a transparencia e o acceso dos cidadáns á información municipal dos 92 concellos, o que nos dará unha diagnose da situación de partida. Completarase con xornadas de formación de cargos electos e técnicos municipais como a xa celebrada no mes pasado, editando as súas conclusións cun decálogo que sirva de guía aos concellos de Ourense para melloral a relación entre a administración local e os cidadáns. Hai nove días tiven ocasión, en sede parlamentaria, de reivindicar o que xa teño dito noutras comparecencias na Cámara Galega: a reforma da lexislación electoral para a elección directa dos membros da corporación provincial, a participación das deputacións na recadación dos tributos autonómicos, como establece o artigo 142 da Constitución e a reforma da Lei de administración local de Galicia para adaptala á nova lexislación estatal. Amosando, por suposto, a total dispoñibilidade do

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014**

gobierno provincial de Ourense para falar de futuro, ese escenario que a todos nos espera. E solicitei tamén unha descentralización provincial, medida encamiñada á cooperación cos gobernos locais. Actúemos con criterios de equilibrio territorial e tomemos á deputación como ferramenta eficaz para a mellor prestación dos servizos públicos, como estamos demostrando en Ourense en ámbitos tan importantes como a recollida de lixo, a recadación de tributos locais, a rede de centros de recollida de animais abandonados, os servizos de emerxencia e incendios, etcétera, etcétera. Os orzamentos de 2015 consolidan un goberno provincial rigoroso, medioambiental, transparente con peso de seu como e-administración, cooperador e planificador. Ese é o camiño. Os orzamentos de 2015 aumentan con respecto a 2014, case un 3 %, reforzando a recuperación da facenda provincial. Rebaixan a débeda, aumentan os investimentos, reducen os custos de persoal e apostan por novos proxectos de provincia. Esta Deputación adiantouse en varios anos a algunhas das previsións introducidas pola Lei de racionalización e sostibilidade da administración local, mediante convenios de cooperación subscritos con concellos de todas as cores políticas para a xestión, por delegación, de servizos municipais. Estas experiencias positivas levan á conclusión de que a deputación é unha institución cun enorme potencial para a ordenación e xestión de servizos no ámbito local. Por este motivo, reivindico sempre, e este debate sobre o estado da provincia é unha nova acaída ocasión, a potenciación das deputacións, ampliando as súas competencias a aqueles sectores de acción pública de interese local que, debido á súa complexidade técnica ou económica, non poden ser asumidos polos concellos de menos de 20.000 habitantes, o que debería implicar a transferencia ás deputacións provinciais de moitas das competencias que a Xunta de Galicia xestiona na actualidade, achegándolles deste xeito aos cidadáns a toma das decisións de ordenación e de xestión deses servizos. Unha reforma nese sentido o que faría sería trasladar ao noso sistema de goberno local o que xa é normal na maioría dos estados da Unión Europea. En Europa, coas soas excepcións de Austria, Finlandia, Luxemburgo e Portugal, en todos os demais estados de Unión Europea existen entes locais intermedios semellantes á deputación, malia que con dúas importantes diferenzas: primeira, os gobernos provinciais europeos son de elección directa; e, segunda, a maior parte dos gobernos provinciais europeos teñen unas competencias moito maiores, un maior poder político e un maior financiamento que as deputacións galegas. Por citar só algúns exemplos, en Alemaña os kreise prestan de xeito

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

directo a maior parte dos servizos locais nos concellos rurais, e ademais xestiona un importante volume de competencias delegadas tanto pola Federación como polos Lander, e fan isto cun amplo réxime de autonomía política. Cómpre sinalar, ademais, que no caso do kreis alemán non só a asemblea é elixida polos cidadáns: tamén o seu presidente é elixido por sufraxio universal directo. Outro exemplo é o dos 21 condados existentes en Suecia, que son gobernos locais moi fortes, que xestionan entre outras cousas a maior parte dos servizos sanitarios. Un terceiro exemplo é o de Irlanda, onde os county councils irlandeses xestionan en torno ao 65% do gasto público local, prestando de xeito directo a maior parte dos servizos locais. Somos a deputación de Galicia que, porcentualmente, máis cartos destina aos servizos sociais, ás persoas. Volvo repetir: territorio, poboación e identidade. A deputación xoga un papel clave na transformación da provincia e debe exercer o liderado provincial dende a intermunicipalidade. Os cambios pasan tamén polas estruturas e a gobernación da propia institución para que os que xestionan os servizos públicos sexan realmente elixidos e fiscalizados polos cidadáns. Estamos ante unha oportunidade, que o goberno provincial de Ourense non desaproveita, para mellorar o diálogo cos cidadáns e a xestión dos recursos públicos. Hoxe en día, a nivel nacional, a Deputación é un referente en materia de transformación. Evolucionando cara un modelo máis áxil, cohesionado e adaptado ás verdadeiras necesidades dos ourensáns. O máximo expoñente deste impulso reformista é o Plan Ourense 92. Mellorando a eficiencia na xestión, redimensionando a administración, xerando aforro, prestando máis servizos aos concellos nun marco de cooperación permanente. O Plan Ourense 92 é un exemplo de anticipación en materia de transformación dunha deputación. O impulso reformista é decidido, ampliado con outros plans como o de reforma da estrutura administrativa, e precisamos recursos económicos para abordar os cambios nesta andaina sen retorno cara unha deputación do futuro. O novo período de financiamento europeo abre unha serie de oportunidades que é preciso aproveitar. A política de cohesión destinará máis de 36.000 millóns de euros a investimento nas rexións e localidades españolas. E no caso de España o principal reto é incrementar a produtividade, así como promover o emprego nun marco de consolidación fiscal e de restrición do crédito. Os obxectivos temáticos apuntan á necesidade de mellorar a competitividade, protexer o medio ambiente, fomentar o emprego e avanzar en termos de novas tecnoloxías e de I+D+i. A política de cohesión comunitaria deseñouse cunha clara

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

orientación a resultados. As deputacións xogan un papel clave no impulso ao desenvolvemento económico e social da provincia, polo que o acceso ao financiamento europeo para cofinanciar accións nesta materia é clave. A rapidez coa que actúe a Deputación, aproveitando as oportunidades que xurdan, xunto ao grado de integración dos proxectos presentados na súa estratexia, marcarán a diferenza e, en consecuencia, o volume de recursos comunitarios que reciba. A Deputación aborda o novo período de fondos europeos como unha oportunidade para impulsar os cambios postos en marcha nos últimos tempos. Identificamos catro grandes liñas estratéxicas: Ourense Provincia Intelixente, Ourense Termal, Competitividade Ourense e Axencia Provincial da Enerxía e o Medio Ambiente. Ourense Provincia Intelixente para crear redes que permitan conectar ás administracións entre si e a estas cos cidadáns. Ourense Termal para potenciar o termalismo na provincia de Ourense ten que ser aproveitado en beneficio do conxunto do territorio. Integrar promoción turística con accións de eficiencia enerxética, formación ou I+D+i impulsando un sector clave para o futuro da provincia. Anuncio neste debate que o vindeiro día 18, martes, pola mañá, ás 11.00 horas, asinarei co presidente da Xunta no Carballiño, no seu balneario, o convenio para a execución do plan termal provincial. E será o mes de decembro o da reunión constitutiva do Consello Termal Ourense. Xa empezou o reto termal e os nosos orzamentos de 2015 así o acreditan co investimento máis alto da historia da Deputación en temas de termalismo. Competitividade Ourense: para impulsar o desenvolvemento económico da provincia traballarase a fondo en plans que melloren a competitividade das empresas, así como no xurdimento e crecemento de compañías con potencial. Dentro dun plan propio, sempre a planificación, o Plan Transforma Ourense. Falamos de plans de internacionalización, centros de excelencia, aceleradoras de empresas, soporte a PEMES e emprendedores con asesoría en plans e modelos de negocio, estratexias clúster e modelos de competitividade. Así anuncio tamén que no mes de decembro Ourense acollerá o foro REDEPYME que organiza o Goberno de España, un foro de carácter nacional, un evento orientado a sensibilizar a emprendedores e empresarios sobre a importancia de aplicar a innovación ás súas iniciativas empresariais. A Axencia Provincial Da Enerxía E Medio Ambiente será o vehículo para artellar e canalizar aforros (optimizar compra de subministracións) e poñer en marcha proxectos de eficiencia enerxética, sostibilidade ou renovación de estruturas. Actuacións fundamentais de futuro, previstas xa

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014**

nos orzamentos de 2015, con importantes dotacións iniciais. Dotacións que se complementarán cos remanentes de tesourería correspondentes froito da xestión económica que está a desenvolver nesta institución. Agradezo aos funcionarios desta administración o seu compromiso e a súa profesionalidade executando as directrices políticas do goberno. A Deputación e a provincia están cambiando. O reto que presenta o novo período de financiamento 2014-2020 é especialmente relevante para un proceso de transformación que debe consolidarse. O futuro xa é agora. O futuro está sendo. E a provincia e o seu goberno conta con propostas dabondo para seguir avanzando. Como provincia e como cada un dos seus 92 concellos, porque teñen forza de seu e futuro propio. Somos capaces de sinalar dúas apostas de cada un deles que teñen unha pegada que supera mesmo o impacto de carácter provincial. Pensemos, por exemplo, nun concello como Baltar. Direilles dúas cousas que a Deputación debe apoiar porque a todos pertencen e a todos reverterá. Unha, a nivel deportivo-turístico, pois saben que Baltar conta coas mellores condicións do norte de España, cuestión que comparte con Portugal onde se teñen celebrado campionatos mundiais, para a práctica do parapente, quizás o mellor lugar da provincia para esta cuestión. Pensemos agora de novo na identidade, en lugares senlleiros, en escenarios únicos cunha pegada histórica imbatible, e tamén en Baltar compartido con Calvos de Randín, o couto mixto, unha realidade física que fálanos dunha utopía, dunha sorte de república independente, coas súas propias normas e fonda raizame ... Velaí, nun concello, dúas cuestións nas que a Deputación debe cooperar pois constitúen elementos de atracción que a nosa provincia xera. Concellos e Deputación, entidades locais que, como no conxunto de España, cambiaron os signos dos seus saldos orzamentarios en tres anos. Un golpe de temón local que se manifesta na evolución dos saldos non financeiros das entidades locais (publicados polo Ministerio de Facenda no mes de setembro) que pasaron de situarse en -1.441 millóns de euros en 2010 a 7.271 millóns de euros en 2013. En Ourense, a nosa provincia, o 92 % dos concellos, segundo as liquidacións de 2013, cumpren o obxectivo de estabilidade orzamentaria. A información e formación como apostas básicas do goberno provincial. Coa presentación da Carta de Servizos da Deputación, outra novidade máis, poñerémonos á vangarda das administracións públicas que explicitan cales son as súas competencias, os procedementos que xestionan, os órganos e funcionarios responsables destes e fixando obxectivos de calidade como poden ser o tempo medio de resolución de

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

calquera trámite administrativo. Será unha realidade antes de que remate este ano. Tradúcese en maior transparencia, máxima claridade e compromisos concretos no tempo de resposta da Deputación. Afondaremos nesta dirección e anuncio tamén neste Pleno que poremos en marcha unha unidade administrativa de mellora de servizos públicos, evidentemente relacionada coa xa creada de transparencia e participación cidadán. Cidadáns que tamén aspiran a contar con representantes públicos que posúan unha formación axeitada ás funcións político-representativas que van desenvolver. Preparados para exercer con plenitude os seus dereitos e cumprir as súas obrigas dende o momento da toma de posesión. A cidadanía esíxenos coñecemento real da nosa posición institucional e formación sobre a entidade onde exerceremos o noso mandato representativo. Por iso ímonos adiantar tamén a outra cuestión que está por chegar ao mundo político. Anuncio tamén neste Pleno que elaboraremos un manual de acollida para as electas e electos provinciais para axudarlles no proceso de incorporación á institución. Falo de establecer unha sistemática para garantir que os membros da Corporación reciban formación sobre as súas funcións e responsabilidades. A estrutura da Deputación, a xestión orzamentaria, a presentación de mocións ou emendas, o Código de Conduta, o Regulamento de Organización, o procedemento para rexistrar os seus intereses persoais e outros aspectos básicos para o bo desempeño do seu cargo. Esta mesma formación está contemplada para aqueles electos ou electas provinciais que poidan tomar posesión noutro momento da lexislatura. Outra proposta máis na liña da transparencia, neste caso no eido interadministrativo. Anuncio a celebración do consello provincial de alcaldesas e alcaldes de Ourense ou cumio provincial de alcaldesas e alcaldes co presidente da Deputación. Unha reunión anual para realizar propostas, formular preguntas, e establecer canles de cooperación entre os máximos representantes dos concellos da provincia e o presidente da Deputación. Máis medidas de mellora da eficiencia e de transparencia en materia de contratación. Pioneiros en materia de licitación electrónica liderando xunto á Deputación de Pontevedra, o Concello de Santiago e dúas entidades locais por determinar, o proxecto piloto promovido pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. Anuncio tamén a eliminación do procedemento negociado sen publicidade a partir do 1 de xaneiro de 2015. Ourense non ten mar, pero Ourense non é unha illa no panorama de provincias españolas. E ven un tempo que debe marcar un antes e un despois na nosa Historia con

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

maiúsculas. Estou a falar de aproveitar a nosa centralidade na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Estou a falar da chegada da alta velocidade ferroviaria que entrará en Galicia pola nosa provincia e con data certa anunciada xa en varias ocasións pola ministra de Fomento: o ano 2018. Ourense, por segundo ano, é en 2015 a provincia con maior investimento por parte do Ministerio de Fomento. Estou a falar da execución nos próximos anos do Plan Termal que servirá de plataforma de despegue da economía provincial. Estou a falar da consecución da primeira declaración como patrimonio mundial pola UNESCO na nosa provincia. Refírome á Ribeira Sacra que compartimos con Lugo. Non nos enganemos. Se a Ribeira Sacra é declarada patrimonio mundial, e non dubiden que así será –cuestión que creo dende a mañá que citei aos alcaldes dos concellos que a compoñen para comunicarlles as intencións deste goberno- dito status contaxiará a toda a provincia e os beneficios sociais, económicos e culturais serán para todos. Unha provincia xa de por si rica en cultura, patrimonio, natureza e no carácter das súas xentes. Unha provincia, Ourense, que merece intensificar as accións coordinadas das administracións públicas, co liderado do seu goberno provincial, para incidir nas nosas posibilidades turísticas co turismo cultural ou o turismo termal como máximos referentes, sen descoidar a Estación de Montaña de Cabeza de Manzaneda ou a que pode constituír a futura, cuestión que tamén anuncio neste intre, rede provincial de museos. A vantaxe desta provincia, permítanme a brincadeira, é que podemos ver todo dende o punto máis alto de Galicia (os 2.124 metros de Pena Trevinca) e esa perspectiva, sen caer en cuestións partidistas absurdas de curto percorrido, será unha vantaxe competitiva. Nun mundo onde a globalización se impuxo e tamén aí as posibilidades de Ourense non teñen límite. Dende protagonizar un brindado en Washington polo máximo responsable da primeira potencia mundial, cun viño elaborado na Teixeira, ata ver cómo autobuses feitos en Ourense circulan por Piccadilly Circus. Unha Deputación que, dende a cooperación interadministrativa, o marco económico e a protección da sociedade do benestar, basea o seu proxecto transformador nos seguintes principios, todos en leis orgánicas: non gastar máis do que se ingresa, pagar o que se debe en tempo e forma, unha administración, unha competencia, garantía da sostibilidade financeira na prestación de servizos, máxima transparencia ao servizo dos cidadáns, e que a administración local debe ser electrónica. Como vén existe xestión e existe futuro porque hai propostas. Porque todo o tempo é pouco para pensar en melloras para Ourense e nas ferramentas para levalas

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

a cabo. Falei de propostas novas neste discurso, como propostas novas son as que presenta o meu grupo político e as que presentas os outros dous grupos da Corporación. Porque ideas e persoas son a conxunción perfecta en política. Porque creo en Ourense e no seu futuro xa anunciei que me presentarei ante os cidadáns de Ourense como candidato da miña formación á presidencia da Deputación. Candidato e programa. Un programa xa elaborado, que presentarei no seu momento, para os próximos catro anos, con corenta medidas innovadoras, acompañadas dun cronograma para a súa implantación á vista dos cidadáns para que sexa un documento autoesixente. Chámase o Plan Ourense 15-19 e poreino sobre a mesa solicitándolles ao resto das forzas políticas que exhiban o seu, tamén por suposto coñecer a identidade da súa proposta, a persoa, para liderar o goberno provincial nos próximos anos. Coido que iso é xogar coas "cartas boca arriba", coido que é máxima transparencia e iso creo que é o que Ourense demanda. E Ourense, señoras e señores, ben o merece. Remato como empecei: Ourense patria do corazón.

De **don Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**: di que vai facer a súa intervención desde o seu escano, xa que se trata dun Pleno e eles consideran que hai que ir pola vella, por moi transparente que sexa o atril. Vai falar para a cidadanía de Ourense, por iso non lles interesa tanto o sitio desde onde se fala. Transparencia foi o que repetiu o Sr. presidente no seu discurso e é un pouco insultante que tire tanto do concepto da transparencia tendo en conta como chegou á presidencia da Deputación. Aconséllalles aos señores do Partido Popular que fagan que o seu presidente viaxe un pouco máis pola provincia, porque presentou unha provincia multicolor, como a da "Abeja Maya" e resulta que a provincia que coñecen outros ten outra realidade ben máis triste. Como facía aquel que non quere nomear neste momento, repetir unha mentira cen veces acaba converténdose en verdade. El non vai saír desta insua *barataria*, ou *baltariar*, na que se atopa, que é a Deputación de Ourense. É necesario que o BNG estea aquí para facer memoria, porque a memoria é a que nos fai coñecer cal é o presente e ese futuro tan marabilloso que presenta e esa provincia tan de soño que ten na cabeciña, que, tristemente, se parece moi pouco á provincia real que coñecemos. Hai que facer historia e a historia empeza con que o dano que o *Baltarismo* lle ten feito a Ourense é de tal magnitude que resulta difícil cuantificalo. A herdanza que as súas políticas nos deixaron despois dos últimos 25 anos, de xeito ininterrompido, non pode ser máis demoledora: unha provincia que, a costa de crear un

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014**

enorme armazón clientelar, á fronte do cal está unha Institución mastodóntica que conta con máis de 700 traballadores e traballadoras afíns, lidera os ránkings en subdesenvolvemento e malestar e na que o abandono do rural deixou unha estampa case que de postguerra. Iso si, durante estes anos foron múltiples os plans estratéxicos que ían ser a panacea aos males da provincia: O plan Factor, o Plan Estratéxico, encargado a unha empresa foránea, que custou 100 millóns das antigas pesetas. Evidentemente, vostede non quería ser menos e déixanos para a posteridade, o seu propio plan: plan OU92. O resultado de 25 anos non pode ser máis desolador. Hai 25 anos existía gandería de leite, hoxe Ourense, malia comarcas aptas para a produción de leite de calidade, é a única provincia do norte peninsular sen apenas gandería de leite. Hai 25 anos as comarcas vitivinícolas de Ourense eran sinónimo do viño de Galiza, ¿qué fixeron para que as denominacións de orixe ourensás seguiran o camiño que seguiu Rías Baixas? Abrir un portal na internet. A maior parte das liñas de ferrocarril e transportes públicos que circulaban pola provincia desapareceron nestes 25 anos ¿qué fixeron para impedi-lo? Hai 25 anos Ourense tiña unha caixa de aforros, un instrumento financeiro ao servizo da provincia, e posteriormente do país, logo das fusionés ¿qué fixeron os Baltar para evitar a perda das institucións financeiras propias? Hai 25 anos empezaron a chegar inxentes fondos europeos, administrados por 22 anos de Xunta do PP, por 25 anos de Deputación de Baltar, por unha inmensa maioría de concellos rurais do PP todos estes 25 anos. Á parte de tanatorios e pavillóns nos que apenas hai persoas que os utilicen, e de ter que devolver 10,1 millóns por irregularidades na adxudicación das depuradoras ¿sabemos algo dos resultados do emprego deste diñeiro? ¿Como é posíbel que nestes 25 anos, nos que entraron centos de persoas a traballar na Deputación, as numerosas academias de Ourense, referencia de calidade na formación en todo o estado, ofertaron a preparación de oposicións a todo tipo de administracións e corpos de funcionarios públicos coa única excepción desta institución? Neste período de tempo Ourense perdeu máis de cen mil habitantes, e a sangría non para. A caída poboacional parece non ter fin, e as proxeccións futuras sinalan un panorama nada esperanzador. Non o di o BNG, son os datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística os que sinalan que Ourense é unha das catro provincias españolas que perderon poboación na última década. Cada día mozos e mozas de entre 20 e 34 anos vense abocados ao exilio forzoso e non porque os embargue un espírito aventureiro e de coñecer mundo. Pero por desgraza, as previsións de futuro non son nada optimistas, xa que

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014**

o INE vaticina que perderemos máis de 22.000 habitantes nos vindeiros dez anos. Desde o BNG preguntan ¿carece Ourense de condicións naturais propicias para o seu desenvolvemento económico? Non. ¿Fáltanlle a Ourense mulleres e homes dispostos e preparados? Non. ¿É Ourense a provincia do Estado con menos auga, con menos bosques, con menos formación do seu capital humano, con menos esforzo das súas xentes? Non. Porén, Ourense está postergada ao último lugar do Estado: ten o maior envellecemento, o peor saldo vexetativo, a taxa de actividade máis baixa, a menor taxa de ocupación, as pensións máis reducidas. ¿De que serviron estes 25 anos de Baltarismo? Levan manexado tal cantidade de diñeiro que da vertixe. Cantidades que se aproximan aos 2.200 millóns de euros, que lonxe de actuar de revulsivo para sacar á provincia dos últimos lugares dos indicadores de benestar e progreso, acentuaron aínda máis as desigualdades existentes con outros territorios do país e do estado. Esta é a realidade, non a que nos pintou vostede Sr. presidente. O xeito de xestionar os recursos públicos, ao servizo do Baltarismo e tamén do Partido Popular, non é outro que o que produciu uns efectos dramáticos que teñen a súa expresión máis cruenta na estrutura demográfica da provincia e nas perspectivas a medio e longo prazo, cunha perda galopante de habitantes e a fuxida obrigada por parte dos mozos e mozas que representan a xeración máis e mellor formada da historia do noso país. É evidente que á vista dos datos que a practica totalidade do diñeiro se destinou para tecer unha enorme rede clientelar e apuntalar maioría tras maioría do Partido Popular, para iso se empregou o diñeiro que veu de fóra. Isto non é froito dun meigallo, senón da renuncia a acometer políticas que apostaran polos nosos sectores produtivos, provocando que sexamos a provincia do estado español que ten a poboación máis envellecida e a maior superficie agraria a monte. Os seus vinte e cinco anos de mandato á fronte desta Deputación foron un compendio anuncios a bombo e pratiño, como acaba de facer hoxe pola mañá, que quedaron na nada máis absoluta e que asomaban, cal Guadiana, en véspera dos distintos procesos electorais. Proxectos empresariais que prometían centos de empregos, e que foron apadriñados pola Deputación Provincial de Ourense e que pasada a campaña electoral de quenda se esvaecían como por arte de maxia. A cidade do motor en Verín, que contaría coa construción dun circuíto de alta velocidade. Aí está. O acordo coa empresa SUINDOR, atravesado por toda sorte de irregularidades, para impulsar a promoción e venda de chan nos polígonos industriais. Aí está. O campo de golf de Toén, no que se anunciaba un

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

investimento de 2.000 millóns de euros para o que o Partido Popular desta Deputación chegou a aprobar en pleno unha partida de 200.000 euros para participar na obra. A creación dun gran complexo termal na zona da Limia, para o que se contrataron os servizos dun *zahorí* cun pau, que cando o presidente se informou dixo que el non sabía nada, por certo a través do INORDE. U-lo complexo termal da Limia? Probabelmente, como diría o Carrabouxo, ao que ser referían era a ter mal A Limia, e iso abofé que o conseguiron. Ou a empresa para comercializar a pataca da Limia, as portadas de fotos duraron un ano, posaban oufanos o vicepresidente da Deputación de Ourense, os delegados de Industria e Medio Rural, o presidente do INRODE, prometían oitenta empregos, e a gran comercializadora quedou nunha fábrica de tortillas que nunca arrincou. Outro gran proxecto As *cinco jotás* en Cea, prometían impulsar unha fábrica de casas prefabricadas promovida por unha sociedade investigada por fraude. O soar continúa hoxe baleiro. Nada de *cinco jotás*, senón que todo quedou nunha *chirijota*, e por certo esta empresa está inmersa nun dos maiores escándalos de fraude por falsificación de facturas da historia do noso país. A base de avións non tripulados de Trasmiras. Era, supostamente, a localización perfecta. En 2009, o goberno de Feijóo filtraba (porque era secreto) a existencia dun macroproxecto promovido por un consorcio internacional que crearía 7.000 empregos en Trasmiras. Os coches eléctricos (que tanto preguntei por eles) que ía fabricar Xero en Melón. Para iso estampaba a súa firma nun acordo que bendecía unha subvención de 11 millóns para unha fábrica de coches eléctricos, nun concello que non tiña, nin ten, solo industrial, que proporcionaría de xeito directo máis de 1.000 empregos. O daquela conselleiro, don Javier Guerra, falaba de que ao redor de 2015 habería 3.500 e 4.000 empregos no sector auxiliar da automoción. A fábrica pantasma paseou por varios municipios ata recalar en Vilamarín, que segundo o alcalde, don Amador Vázquez do PP, detrás da proposta non había nin proxecto nin nada, só unha iniciativa. Por non falar da probabelmente decisión máis lesiva para Ourense como foi o regalo a Flager da finca Santa Mariña, nun dos maiores intentos de *pelotazo* urbanístico da historia. Decisión que levaba aparelada a posta en marcha doutro dos seus grandes inventos: URBAOURENSE. Esta sociedade, financiada ao 100% con diñeiro público, é o máximo expoñente de especulación institucional. Crearon esta entidade, dedicada á promoción de chan en 2008, con dúas finalidades: entrar no mercado especulativo do urbanismo e competir con Xestur (sociedade pública xestionada, naquel momento, polo BNG na Xunta).

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

Só para a súa constitución precisou inxectarlle medio millón de euros. Comezou a súa andaina con apenas persoal, un xerente (mellor pagado que o presidente do goberno) e a administrativa, alugando un baixo no centro da cidade. Entre os grandes logros deste organismo figura a creación de parques empresariais, hoxe ateigados de empresas todos. Comezou por construír o de Esgos (o pobo natal do Sr. Baltar) e Nogueira de Ramuín (o seu pobo de adopción). O expresidente da Deputación xustificou entón a súa decisión apelando á súa palabra: a que lle deu ao alcalde deste municipio, o mesmo que dimitiu como suplente na Deputación para que vostede puidera ser o herdeiro e continuar a liña sucesoria. A sociedade comprou un dos terreos máis caros da cidade (no Couto) por 800.000 euros, para construír 17 vivendas, que ían saír a prezo de vivenda protexida. O curioso do asunto e que os construtores ourensáns, os mesmos que claman contra a paralización do Plan urbanístico de Ourense calaran como petos pese a que a Deputación acababa de irromper no mercado da libre competencia. Esta sociedade, froito das presións do BNG e da imposibilidade de tapar un burato cada vez máis grande, máis de 20 millóns de euros de traspaso da Deputación durante os anos de existencia, acababa disolvéndose. Vostede como premio a unha xestión brillante e ao labor eficaz do seu anterior xerente, nomeouno asesor, co pagamento dunha das remuneracións mais altas desta casa, seguramente para non ter que asumir o pago dunha indemnización multimillonaria polo seu cesamento, tal como figuraba na letra pequena do seu contrato. A realidade é que hoxe a Deputación é patrimonialmente máis pobre xa que se foi descapitalizando progresivamente. Esa é a herdanza que vostedes lle deixan aos ourensáns e ás ourensás, esa ademais dun *pufio* de 10,1 millóns de euros pola adxudicación de depuradoras dos Proxectos Daredo e Deputrán, que está pendente de resolver no xulgado, toda vez que a OLAF determinou no seu informe que ademais da comisión de numerosas irregularidades, puido haber ilícito penal. Do resto dos proxectos; Estacións, Estacións Vivas, Pedecé, Via Nova, Sons e Acordes, Proforest e Ilumina Lima, seguramente teremos noticias en breve, porque o *modus operandi* na adxudicación, por parte desta Deputación, foi semellante. En resumo mentira tras mentira, engano tras engano. Unha provincia xestionada polo *baltarismo* e polo Partido Popular, que está de PP e a segunda P é pena. Vostede, a diferenza do seu antecesor, non anuncia grandes proxectos empresariais, confórmase coa creación de *chiringuitos* varios. O seu son os observatorios, os plans, os comités de ética e

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

transparencia, portas transparentes, portais transparentes, axencias de non se sabe ben que e para qué, plans revestidos con nomes grandilocuentes, etcétera, que no substrato non teñen absolutamente nada máis que frases rimbombantes (como dixo no seu día “palabros”) para saír na prensa día si e día tamén, que é do que se trata. Isto non foi gratuito, o *baltarismo* é un proxecto que está ao servizo do Partido Popular, porque durante todos estes anos conviviron varios elementos necesarios para este cóctel. O primeiro elemento é a existencia dunha procesión de caladiños que nunca se atreveron a cuestionar o que se facía (moitos dos cales se sentan na bancada de enfrente) e ademais foilles ben, porque moitos deles se beneficiaron persoalmente, respectando ao pé da letra un dos códigos inviolables que noutra latitude e desde o século IX lle chamaron *omertá* ou lei do silencio. O segundo é un armazón político institucional que sobarda a propia Deputación e que nas mans do Partido Popular adquire a súa verdadeira razón de ser e de existir. A utilización das institucións, bens sexan deputacións, mancomunidades ou concellos, para beneficio propio, para a familia do PP. En terceiro lugar a utilización de empresas privadas que contratan coa Deputación, ao servizo do Partido Popular, para tecer unha rede clientelar de enormes proporcións que permitiu proceso electoral tras proceso electoral, cementar as distintas maiorías do Partido Popular. O PP amparou e ampara estas prácticas clientelares, prácticas que cando xurdiron na Italia meridional, alá polo século IX, se chamaban Cosa Nostra. Iso é o que amparou e ampara o Partido Popular. Por iso, a condena o expresidente, aínda que tarde e mal, supón un mísil na liña de flotación do seu partido, que se beneficiou e segue a beneficiarse dun xeito lamentable de entender e practicar a política, ao tempo que supón unha labazada aos excesos e abusos pasados e presentes cometido nesta institución de xeito reiterado a través dunha política de contratación caciquil e clientelar, na que en todos estes anos foron contratadas centos de persoas, saltando a legalidade. Contratacións que medraban a medida que se aproximaban os distintos procesos electorais. Houbo agora un cambio, pero o cambio foi nas formas, non no fondo. Para desviar a atención, utiliza a propaganda, esa que paga con diñeiro público, tentando facer un desvergonzado lavado de cara coas súas supostas propostas de rexeneración política. En primeiro lugar, é de chiste que alguén que de forma tan pouco ética como estética aproveitou a utilización de diñeiro público para afianzarse na presidencia do seu partido, e chegar a presidente desta institución, non esquezamos feito polo o cal o seu antecesor e proxenitor a ser inhabilitado

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

pola comisión dun delito continuado de prevaricación pola contratación de 104 traballadores e traballadoras na antesala do congreso provincial onde se entronizou a vostede, que se converta agora na referencia da ética parece unha mofa, máis un insulto á intelixencia. Repetiu tanto a palabra que só lle fai pensar: dime do que presumes e direiche do que careces. Vostede non podería estar onde está se non fora apoiándose no nepotismo e a corrupción. Vostede, Sr. Baltar Blanco, é indigno do cargo. Cómo se pode falar de ser o adañl da loita contra a corrupción se chegou á presidencia do PP provincial utilizando os cartos de todos para mercar votos. E non un é xuízo de valor nin unha afirmación subxectiva, se non un feito xudicialmente comprobado e condenado. Se tivera decencia presentaría a súa dimisión neste mesmo debate como proba dun verdadeiro compromiso contra a corrupción política. Iso si que sería o sentido da ética. Como se pode falar de loita contra a corrupción cando se é incapaz de tomar medidas contra os deputados que sentan nesa bancada. ¿A quen quere tomarlle o pelo? Mire vostede señor presidente, desde o BNG témoslle pedido, por activa e por pasiva, que tomara medidas diante dos reiterados casos de corrupción que afectan a deputados provinciais do seu partido, obtendo a calada por resposta ¿É ese o seu sentido da ética? É un escándalo que vostede manteña, contra vento e marea, a deputados imputados en distintos procesos e que agora nos fale de respectar un código de ética, e que nin tan sequera se poña colorado. O movemento demóstrase andando, polo que, para resultar crible (aínda está a tempo) debería tomar as medidas que tomaron os grupos da oposición. Cando o faga falaremos de ética e de códigos, mentres, reitero unha vez máis, está a tomarnos o pelo a nós e á cidadanía. Porque, por máis que se empeñe en demostrarnos outra cousa, e por máis que queira rachar ese cordón umbilical que o une ao seu antecesor, o *baltarismo* non desapareceu, senón que segue máis vivo que nunca, iso si con outras formas, pero segue a ser o mesmo instrumento clientelar útil nas mans do actual presidente do Partido Popular. A única mudanza foi o paso dese caciquismo rancio e pasado a outro máis moderno e actual. Só faltaría que vostede, que se criou no caciquismo así como os que o apoiaron, que non coñecen outra cousa que o caciquismo, vaian agora dar un xiro de 180 grados e facer todo o contrario. Iso é algo parecido como se chegamos a un club de golf centenario e dicimos que a partir de agora, no canto de xogar ao golf o que imos facer é xogar todos ao tenis. Vostedes só teñen unha forma de entender a política, que é mercando vontades. Ímoslle dar o beneficio da dúbida e aínda que tivese boa intención e

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

realmente o quixera facer, eles non llo permitirían. Unha frase que lle oíu estes días: *me presento a la reelección porque estoy enamorado de la provincia*. ¿Por qué lle chama amor cando quere dicir sexo? Vostede está namorado de si mesmo e do poder, pero non da provincia. ¿Por qué pretende seguir enganando á cidadanía con palabras que non son certas? Vostede non é reelixido, os cidadáns non o van votar, senón que o van escoller uns colegas de partido nunha escolla de primus inter pares que nada ten que ver cun proceso democrático e moderno. Este sistema xa o utilizaron os emperadores romanos para disimular o aspecto de ditadura do seu goberno. Polo tanto de reelección nada de nada, perpetuación do clan Baltar. ¿Por qué non ten a valentía de presentarse encabezado a lista por Ourense? No fondo é un covarde, un Sancho Panza nesta insua *barataria* e por iso se parapeta detrás dos traballos dos caciques locais, deses que obteñen prebendas a cambio de facerlle o traballo sucio. O que vostede está a vender non é outra cousa que a nova estrutura caciquil e clientelar do século XXI, e para iso si que agudizan o maxín, facer o que se fixo sempre e o que saben facer, que é caciquear co diñeiro público sen que se note e sen que haxa impedimento legal ningún. Esa é a pedra angular.

De **don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que eles tampouco van utilizar o atril, pero por unha cuestión de educación, para non estar de costas ao Sr. presidente. Hoxe asistimos por primeira vez a este plenario cun obxectivo, que non é outro que debater sobre o estado da nosa provincia. Evidentemente, aquí se discute habitualmente de moitos temas que son produto do estado en que se atopa esta, é por isto que o fondo do debate que aquí se formule, seguramente será, nalgúns casos, recorrente e nese sentido pode que nos sorprendan os nosos argumentos. Con carácter formal, este pleno é positivo e así o valoran desde o Grupo Socialista. Sr. Baltar, o que ocorre é que nin nos aspectos formais vostede é merecedor do noso respecto, pois este pleno foi vendido por vostede como novidoso, pioneiro e como unha proposta súa, cando a realidade é que foi o Grupo Socialista que solicitou este pleno hai un ano aproximadamente. Pero como non estamos aquí para ver quen é máis intelixente ou máis pioneiro, nas propostas que se fan dámoslle a vostede a razón, porque neses cualificativos non podemos combater con vostede. Toda esta provincia sabe que vostede é mellor en todo o que fai. Imos abordar este debate no terreo que a vostede máis lle gusta, que no é outro que falar de porcentaxes, números e estatísticas (demostrouno hai un rato) aínda que sabendo desde un principio que

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014**

o benestar e a calidade da vida dunha persoa non só depende de estatísticas frías. Pero como son datos obxectivos, vostede non poderá dicir que non son reais. Poderá, como acaba de facer, vendernos o seu mundo virtual e imaxinario, pero o máis preto que estará vostede da realidade da vida dos nosos cidadáns, será polo baño de realidades que lle imos relatar, con datos reais. Mire Sr. Baltar, o maior problema sen lugar a dúbidas desta provincia é a despoboación que estamos a sufrir. Seguramente que por moitas e diversas causas, pero a realidade é teimuda: esta provincia deságrase e derrúbase. Por iso di que é un problema, porque se non quedan persoas a quen resolverlles os seus problemas acabou o problema. Como dixen razóns seguramente moitas, pero existe unha que é indiscutible: nesta provincia ao longo dos últimos cen anos só houbo un período de goberno de maioría de esquerdas, de 1931 a 1933, o resto foron gobernos de dereitas que con outras denominacións levan feito e desfeito (máis ben isto último) o que lles deu a gana. Polo tanto algo ten que ver vostede Sr. Baltar, a non ser que diga agora que non é de dereitas. Os datos destes últimos cen anos, incluídos os do mandato do Sr. Baltar, din que pasamos de 446.000 habitantes aos 326.000 habitantes. Foise perdendo unha media de 12.000 habitantes por ano. Vostede Sr. Baltar é o presidente máis punteiro, preside e dirixe unha provincia con tres dos exemplos máis desoladores do estado: Trives, Caldelas e a Baixa Limia son comarcas con pouco máis de 2.500 habitantes, con concellos cunha media de idade de máis de 65 anos. Por exemplo A Teixeira ten máis vacas que habitantes noutros, Montederramo e Castro Caldelas. ¿A provincia intelixente da que vostede alardea é esta? ¿Sabe onde quedan estes concellos? Creo que non. ¿Fala coas súas xentes? Creo que non. Sinceramente, alguén cun mínimo de decencia, con estes poucos exemplos que lle acabamos de dar, non falaría no seu discurso como o fixo hai uns intres. Vostede dirá que miremos ao futuro e non ao pasado, pero este é o presente que temos, por desgraza non é outro. Para colmo de maior desgraza, ese presente (e esperemos que non o futuro) está pilotado polo Sr. Baltar ¿Cómo vai ser un presidente o garante dun presente e dun futuro maior para a nosa provincia, se ese presidente é o herdeiro dunha cultura e dun facer político que en canto aos feitos que se ían producindo ao longo destes anos e aos nosos cidadáns lles ía cada día peor e a vostede e aos seus cada día lles ía mellor? É máis, sendo xenerosos, vostede non é o culpable desas fantasías e realidades virtuais que acaba de describir, vostede é o produto de ter vivido nunha burbulla na que os demais cidadáns da

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

provincia non se criaron. A realidade do presente e do futuro desta provincia é que os poucos nenos e nenas que poderían representar ese futuro atópanse cuns datos insoportables e indecentes. Tome nota deles e déixese de frivolidades. Na provincia na que vostede é presidente hai 11.500 nenos en risco de pobreza e exclusión social, entre os 0 e os 17 anos. Hai 6.500 nenos ourensáns que viven en fogares con goteiras, humidades, ..., ou sexa, en condicións infrahumanas. Un 8,16% de fogares ourensáns sofren carencias severas, sendo un 19% de fogares os que presentan carencias materiais. Os números son fríos e as persoas merecen outro tratamento, pero estes datos, traducidos ao idioma que entendemos todos, queren dicir que quedamos poucos, e aínda por riba o noso futuro, que son os cativos, están nuns niveis intolerables e indecentes como nunca. Escóiteme ben Sr. Baltar, nunca na historia da democracia se produciran estes niveis. Polo tanto, cando nos debuxa esa provincia de xestión de fantasía que nos relata sempre (hoxe multiplicado por cinco) esiximos que teña como mínimo prudencia e decencia de non alardear de nada e que estes datos non sigan sendo vergoñentos. O problema para corrixir estes datos de cara aos nosos cativos pasa porque os seus pais e as súas nais poidan ofertarlles futuro e esa é a segunda pata da despoboación. Ese futuro pasa por oportunidades de atopar trabalo nesta provincia que non é o mesmo, escoiten todos ben, que nesta Deputación, pois aquí aplicamos unha especie de vergoñenta estrofa dunha *cancioncilla* que vostede máis o séquito do trombón coñecen ben: *si no eres del PP ....* Seguro que a lembran todos. ¿Non lle soa vergoñento nestes intres? Seguro que se lles poñemos diante aos 29.318 demandantes de emprego, que non reciben prestación por desemprego, ou aos 10.271 ourensáns en paro desde hai máis dun ano, que tampouco reciben prestación por desemprego; ou aos 11.200 fogares ourensáns que teñen a todos os seus membros en paro, non cantarían agora ese retrouso, porque un goberno pode equivocarse e facelo mal, pero non pode rirse á cara dos cidadáns así. Lembre Sr. Baltar que vostede estaba nese coro, pero o pero é que o segue facendo, prostituíndo as palabras: transparencia e bo goberno. Segue a facer o mesmo coas súas empresas de xestión semiprivada ou privada nesta Deputación. É por iso que lle fan unha proposta para crear e potenciar emprego, que logo verán se a acepta. Así deixarán polo menos que moitos cidadáns busquen unha oportunidade aínda que non sexan do PP. Sr. Baltar a nosa proposta de apoiar as empresas é boa e non a desprece, aínda que non lle sirva para os seus intereses partidistas. Polo menos se funciona cun mínimo de éxito, non será a

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014**

panacea, pero valerá para que nunha provincia como a nosa, ferida de morte, todos os tratamentos serán ben acollidos ¿Cómo puidemos chegar a esta situación? Dirán un dos males desta casa durante moitos anos. Galicia foi unha rexión que por desgraza ou sorte recibiu cantidades inxentes de cartos da Unión Europea, e polo tanto Ourense, e esta Deputación en concreto, máis aínda. Miles de millóns de euros. Pero o que pasou aquí foi que onde tiñamos que facer plans para evitar ese despoboamento faciamos todo o contrario. Onde podíamos, por exemplo, facer uns proxectos de rehabilitación de núcleos rurais e das súas vivendas, dedicabámonos a restaurar estacións de tren sen ningunha actividade. Agora non temos actividades nas estacións e si temos miles de vivendas baleiras, incluso pobos enteiros. Onde tiñamos que potenciar o emprego do rural, sobre todo no sector primario, potenciábase a cría de cabalos para venderllos a xente adiñeirada a prezos ridículos. En vez de facer plans para dotar das mellores infraestruturas ao rural, como por exemplo facer unha rede de estradas viarias en condicións, vostedes fixeron montóns de plans de sinalización de estradas provinciais e agora temos as estradas mellor sinalizadas ata cinco veces, que van aos mesmos sitios, pero que non queda ninguén que circule por elas. E se alguén o quere facer sáelle máis barato mercar un carro de combate que circular nun automóbil convencional. Das novas comunicacións de banda ancha e internet, que é unha das recomendacións da Unión Europea para frear o despoboamento, mellor nin falar, xa se ten falado aquí moitas veces, outro fracaso que aínda dará moito de si. Das poucas cousas que podían pintar ben (fala de dotar a provincia dunha rede de saneamento e depuración das augas para o rural) mercaron depuradoras destinadas a barcos noruegueses, agora temos unha provincia chea de depuradoras que non funcionan e aínda por riba hai que devolver os 10,2 millóns que custaron, iso si, pagados a escote polos cidadáns. E aínda por riba deste control, xa veremos se eses supostos delitos de corrupción, falsificación de documentos, contratacións irregulares, e demais que destapou este Grupo Socialista, se queda en nada, porque un xa empeza a estar farto de que as paguemos todos. Ten que recoñecer que cando alguén dun partido diferente ao PP está inmerso nun caso de corrupción, vostedes saen en tromba a dicir: a corrupción é do PSOE, é do BNG, é de quen sexa. Agora ben, cando a corrupción é do seu partido (o 90% dos casos se se atende aos últimos meses) a corrupción é do sistema transversal, etcétera. Oxalá o das depuradoras quede en nada xudicialmente, porque ao final aínda lle botarán a culpa ao Grupo Socialista (xa o fixeron) que foi quen

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014**

fixo a proposta e non o que fixo a falcatuada. Queremos que esta Deputación volva recuperar nalgún caso, como a xestión do ciclo da auga, o seu carácter de servizo básico e polo tanto o seu carácter público e desde logo que non se privatice o servizo do lixo. O Sr. presidente falou deste servizo, pero no dixo a segunda parte que é esa. Non queren modelos de xestión que estean moi vinculados á corrupción. Cre que todos deben tomar nota e ser consecuentes co que demandan os cidadáns. Por iso llo esiximos Sr. Baltar. Entendemos que é moi apetitoso seguir creando empresas de carácter privado aos que lles dan vostedes os cartos dos cidadáns, porque os servizos os pagamos todos, pero o único que lles pide vostede a cambio é que actúen de ETTs ao seu servizo, para que lles siga indo ben aos seus. Isto é obsceno nestes tempos, a realidade é que sempre o foi. Sr. Baltar nós utilizaremos todos os mecanismos ao noso alcance (non é unha ameaza) para defender aos cidadáns que non queren que se fagan máis estas prácticas. Sr. Baltar recapacite neste tema, agora ten a oportunidade de que lle ofertamos a nosa man nese sentido. Fágao, porque se a situación da provincia é desastrosa, máis o é a dunha institución que está aquí representada e que ninguén defende. Porque o simple feito de que existan as deputacións, non é argumento suficiente á hora de mantelas. Se alguén aínda pode pensar que esta institución serve de algo, ten vostede que ser serio e non facer o que acaba de facer. Por moito que vendamos, a realidade é que ao final a maioría dos orzamentos que se levan nesta casa nos últimos anos, son similares. Cando nos desfacemos do gasto corrente e persoal quedamos cun 30 ou un 40 por cento (sendo xenerosos) que se poden dedicar a investimentos ou programas. A maioría destes programas redúcense. Imaxinen que unha ONG de todos os cartos que recada para os seus proxectos, dedícase o 60% á súa propia xestión e un 40% chegase aos destinatarios dos proxectos. Todos diríamos que esa ONG ten unha nefasta xestión ou ben que é unha organización corrupta que queda cos cartos que recada. Por iso, de cara aos cidadáns, non é difícil trasladar estas mesmas conclusións e estas dúbidas sobre o funcionamento das deputacións, en particular desta. Para seguir facendo unha diagnose da provincia ou de cómo está a sanidade pública dela, que está nun estado tan lamentable como a propia provincia. O plan director do CHOU non depende dos prazos previstos, depende de cando o Sr. Feijoo e vostedes estean en campaña electoral. Os centros de saúde anunciados hai máis de cinco anos para diversas comarcas, son maquetas no mellor dos casos. Pecharon vostedes Toén, na Área sanitaria do Barco, o que prometían de xestión

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014**

integrada e de que non se ía desfacer a área sanitaria, converteuse, por desgraza, en realidade e seguen a depender de Ourense, tanto en atención primaria como hospitalaria, e aínda por riba con menos médicos, menos camas, e máis listas de espera. Poderíamos seguir así toda a mañá xa sabemos que vostede (aínda que visto o visto parece que ten competencias para todo) non ten as competencias de sanidade, pero como presidente ten que petar na mesa e dar a voz de alarma, porque a alarma non está en denunciar a situación, a alarma está na desatención dos cidadáns. En canto a educación na provincia, ata a consellería tivo que recoñecer para este curso un descenso do 2,3% do alumnado infantil, en total (e non é ningunha broma) 250 nenos menos que o curso anterior. Isto nunha provincia como a nosa é un problema gravísimo: un colexio pechado en Montederramo; 9 unidades suprimidas. E mentres o conselleiro de Educación está máis preocupado de se vostede o nomea candidato do PP na capital que das súas obrigas. Falando do conselleiro, espero que vostede Sr. Baltar lle faga chegar que despois de aprobar aquí non sei cantas declaracións institucionais, que está moi presto para aprobar un grao de enxeñería biolóxica para o Campus de Santiago (que lles parece estupendo) pero que na súa provincia o grao de enxeñería física parece que vai ter que esperar moito tempo, vista a súa intención. Reivindique Sr. Baltar, menos submisión, menos anuncios e máis realidades. Realidade nesta provincia é que temos un sector como o da viticultura onde das cinco denominacións de orixe de Galicia a nosa provincia ten catro. Onde o bo facer do sector sitúa aos nosos viños entre os mellores e pesar da recesión do consumo seguen cunha liña de internacionalización importante. O problema é que a Consellería de Medio Rural non existe, para esta consellería a nosa provincia é invisible, é por iso que o Grupo Socialista formula un plan de promoción empresarial, comercialización para as adegas e colleiteiros, que aínda que pode ser extensivo a outros produtos e DOs da nosa provincia, cremos que no sector vitivinícola ten que ir condicionado (que esa é a diferenza coa súa proposta) á sinatura de contratos homologados que garantan o traballo dos agricultores e das persoas que traballan no sector primario, non só dos que gañan cartos. Ten vostede a oportunidade de abandeirar a loita contra o abandono do rural. Se o produto se paga ben a xente traballa os viñedos, senón é así iso é igual a despoboamento e desaparición. Lidere esa loita, porque a quen podería liderala lle importamos moi pouco, demóstrelles aos cidadáns que lle importamos. O certo é que poderíamos seguir facendo esta radiografía da nosa provincia

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

con moitos máis temas, pero a realidade é que esta provincia ten que poñerse nas mans dos mellores “médicos” e dubidamos de que vostedes o sexan e o que é peor, o xefe dos “médicos” non xera moitas menos dúbidas. O Grupo Socialista non ten a responsabilidade de goberno e non foi o culpable de chegar a esta situación na nosa terra. Pero a pesar de que sabemos que non son receitas máxicas nin milagreiras, o noso grupo, a pesar dos seus continuos desprezos, fixo dez propostas que entendemos que son realizables e sensatas e o que é máis importantes, cremos que servirían para darlle un pulo a esta institución mentres siga a existir a deputación e, en consecuencia, a nosa provincia. Sr. Baltar, vostede fíxose eco da palabra *ourensanía* e a ten sempre presente nos seus discursos, a nós parécenos ben e incluso compartimos o que nos quere transmitir con esa definición, pero vostede tende a confundila moito co termo “Ourense es mía”, e Ourense é dos ourensáns. É certo que a uns lles vai moito mellor que ao resto, por iso, como Grupo Socialista, seguiremos dándolles a voz a miles de persoas que non lles vai ben con vostedes e por iso loitaremos aquí democraticamente para que nesta provincia vivamos todos con dignidade e non só aqueles que vostedes queren.

De **don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que hoxe é, sen dúbidas, un día histórico para a Deputación de Ourense. Histórico, pois supón a primeira vez que os grupos políticos que representamos o sentir maioritario da cidadanía ourensá celebramos o primeiro debate sobre o estado da provincia, como xa dixo o señor presidente. Un debate que nos ten que facer reflexionar a todos en clave positiva, lonxe dos vitimismos que sempre caracterizan a algunhas formulacións, que non fan máis que dano á imaxe da nosa provincia. Se ben o señor presidente se referiu no seu discurso á provincia no seu conxunto, eu centrarei a miña intervención referíndome máis en concreto a esta Deputación Provincial e, de maneira especial, á responsabilidade do noso grupo como goberno provincial. Resulta obvio que todas as nosas propostas está orientadas a mellorar as condicións de vida da provincia desde a nosa responsabilidade como goberno provincial. Por iso, o Grupo Popular na Deputación de Ourense, presenta neste plenario propostas de futuro, das que logo darei conta, que teñen como obxectivo seguir mellorando, por unha banda, a realidade económica, social e cultural da nosa provincia e tamén os servizos e as infraestruturas e todo o que ten que ver cos nosos concellos e cos veciños e veciñas de cada un dos 92 concellos da provincia de Ourense e da Entidade Local Menor de Berán.

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

Emprego, progreso, dinamismo, competitividade, benestar das persoas ... Futuro. Son palabras que nos deberían unir a todos nun mesmo camiño, sen cores políticas nin distincións, e coa única meta chamada Ourense, por riba de todo. Neste camiño estamos a traballar desde o grupo de goberno da Deputación de Ourense, e proba disto é a folla de ruta que se marcou o presidente Manuel Baltar coa posta en marcha e execución do Plan de xestión e estratexia operativa Ourense 92, o cal se cumpriu paso a paso e medida a medida en todos estes meses desde que tomou posesión do seu cargo, conseguindo neste período de tempo mellorar os índices da institución provincial en todos os ámbitos e parámetros. Debe terse en conta que o di Plan –presentado publicamente polo presidente en xuño de 2012- é o resultado dunha reflexión estratéxica sobre a razón de ser do goberno provincial, sobre os seus obxectivos e, en consecuencia, sobre as decisións políticas máis acaídas para acadar eses obxectivos. Nese sentido, a idea central é a de que a función do goberno provincial ten que residir na competencia nuclear e irrenunciábel de asistencia e cooperación cos concellos, en especial cos de menos de 20.000 habitantes (que como todos saben son todos menos o da capital). O presidente e o seu equipo de goberno temos moi claro que a Deputación non pode limitar o seu papel a botarlles unha man –como se acostuma dicir- aos concellos cando estes o solicitan. A Deputación debe, en cambio, situarse á fronte, detectar as necesidades, procurar as solucións e achegarlles ás políticas municipais unha visión integradora que vertebre o noso goberno local no aspecto administrativo e permita o deseño de políticas concretas de xeito concertado, con pleno respecto –iso si- á autonomía municipal e levando á práctica os principios de eficiencia, eficacia, participación democrática, descentralización e servizo aos cidadáns, que é o fin último. Estas políticas resúmense nunha estratexia xeral baseada na fusión de servizos mediante técnicas de cooperación voluntaria. Non hai maior garantía de bos resultados nas relacións entre as administracións que a que nace da colaboración mutua para a xestión dos servizos: cooperar para axilizar; cooperar para servirles mellor aos veciños e veciñas; cooperar para ter mellores infraestruturas; cooperar, en suma, para ser máis eficaces e eficientes. Para nós está claro que os gobernos intermedios, como as deputacións, consolidan o seu papel como instrumento clave para a prestación de servizos públicos, precisamente mediante a cooperación, sen dúbida a palabra máis importante en política. A Deputación de Ourense ten liderado nos últimos tempos iniciativas pioneiras en Galicia e en España como o Código

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014**

Ético ou a Ordenanza de transparencia, acceso e reutilización da información, e mesmo pasamos a ocupar o terceiro posto no ránking de transparencia de todos os gobernos provinciais de España, segundo o informe de Transparencia Internacional. Outras iniciativas pioneiras desta Deputación e España son as seguintes: a aprobación definitiva en xullo de 2014 da Ordenanza reguladora dos procedementos de selección de persoal funcionario, interino e laboral temporal ao servizo desta Deputación, cunha importante innovación de que os tribunais se designarán por sorteo público; a Ordenanza reguladora do outorgamento de subvencións, aprobada e publicada en decembro de 2013, cunha autilimitación importante do 20% para subvencións nominativas do importe total destinado a subvencións (non coñece ningunha administración onde se aplique); non podemos esquecer o Plan BenOurense de servizos sociais; a constitución do Consorcio de Augas de Valdeorras; o Observatorio Económico Provincial; a Rede de Municipios Sostibles; a disolución de Urbaourense (que estaba mal cando existía e segue estando mal cando se disolveu); a externalización dos centros ecuestres na liña de desfacerse de competencias impropias. Nese labor de cooperación cos concellos, que preside todas as nosas actuacións, propuxémonos conseguir a máxima eficacia e eficiencia na prestación de servizos públicos tan importantes como a recollida de lixo, a recadación de tributos locais, a rede de centros de recollida de animais abandonados, os grupos de emerxencia supramunicipais, a prestación de servizos sociais, entre outros. Un goberno provincial que, ademais, se amosa rigoroso tamén na xestión económica e orzamentaria, pois foi o primeiro en aprobar os orzamentos para o ano 2015 (xa o lembrou o Sr. presidente) no pasado mes de outubro e no ano que vén se aprobarán no mes de setembro. A isto chámasele previsibilidade, planificación e boa xestión, non ten outro nome. A ben seguro, noutros lugares non poden dicir o mesmo (máis ben preto de aquí). Un goberno provincial de Ourense que se por algo se caracteriza e destaca para os seus orzamentos do ano 2015 é por ser medioambiental, social, transparente, rigoroso e cunha importancia destacada no ámbito da administración electrónica e tamén no termalismo. Un termalismo estratéxico para esta provincia, sen dúbida, que merece ser salientando pola importancia que a riqueza termal ten na nosa provincia e pola iniciativa que propuxo o presidente Manuel Baltar e que lidera a Deputación de Ourense conxuntamente coa Xunta de Galicia: o Plan Termal Provincial. Precisamente, nos vindeiros días, os presidentes da Deputación de Ourense e da Xunta de

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014**

Galicia asinarán o convenio para a execución deste plan termal provincial e antes de que remate 2014 terá lugar o acto de constitución do Consello Termal Ourensán, ao que están convidados a participar todos aqueles que queiran achegar, en positivo, propostas que contribúan a sumar a favor do termalismo en Ourense, entre os que estarán, por suposto, as vilas termais e os concellos da provincia que teñan esa cualificación. En definitiva, sumar entre todos para facer OURENSE con maiúsculas. Acheguemos propostas. Debatamos en positivo a favor da nosa provincia. Falemos das potencialidades que ten Ourense, reunámonos e debatamos as veces que faga falta, para chegar aos acordos que a cidadanía nos demanda, para iso estamos e neso debemos estar, porque iso é o que nos demandan os cidadáns, convén non esquecerlo. Polo de pronto nós, o Grupo Popular da Deputación de Ourense, presentamos as propostas de resolución que a continuación paso a detallarles, como iniciativas construtivas e en positivo, que teñen como obxectivo favorecer a competitividade da nosa provincia. Estou seguro de que estas propostas máis as súas, ou as que saian do debate posterior que fagamos entre todas as que se presenten, servirán para acadar un documento base no que agardo poidamos chegar entre todos ao máximo consenso posible polo ben de Ourense e dos cidadáns da nosa provincia. Paso de seguido a dar conta das propostas de resolución do Grupo Popular, baseadas nas seguintes liñas de actuación: a primeira delas baseada na plenitude democrática, e propoñémoslle ao Pleno: instar ás Cortes Xerais do Estado a modificar a lexislación electoral para que os membros das corporacións provinciais sexan elixidos directamente polos cidadáns, habilitando para o dito fin unha urna máis nas eleccións locais (está seguro de que esta proposta lle gusta ao Sr. Rodríguez Puga). Como proposta segunda, orientada a mellorar a participación cidadá, propoñemos modificar o Regulamento Orgánico da Deputación para procurar que os cidadán poidan, rematadas as sesións plenarias, formularlle preguntas á Presidencia da Corporación, presentadas no prazo e co procedemento que se determine. En canto á liña de actuación de transparencia e como terceira proposta, propoñemos poñer en marcha o portal Ourense Transparente, dotando aos gobernos locais de Ourense dunha ferramenta para cumprir coas obrigas legais de transparencia. Co fin de mellorar aínda máis a xestión económica desta Deputación, propoñemos como cuarta proposta someter ao Pleno da Deputación a aprobación inicial dos orzamentos do seguinte ano na sesión ordinaria do mes de setembro. Como quinta proposta, e na liña que nos impuxemos de cooperación cos

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

concellos, propoñemos poñer en marcha o portal de factura electrónica F-Ourense, para apoiar aos concellos na incorporación da factura electrónica obrigatoria a partir do 15 de xaneiro do ano 2015. Como sexta e sétima proposta de resolución, presentamos as seguintes: deseñar, coordinadamente con outras administracións e co sector privado, a implantación na provincia dun parque empresarial exclusivamente vinculado ao sector agroalimentario; implementar, a través dos consellos reguladores das catro denominacións de orixe da provincia, un portal de comercialización do sector Enourense, con plan de márketing e comunicación on-line. En canto ao turismo na nosa provincia, poderíamos presentar multitude de propostas, pero como tal presentamos a seguinte: deseñar e executar un plan de posta en valor da Vía da Prata e do Camiño de Inverno ao seu paso por Valdeorras como rutas xacobeas. E xa para rematar, a novena proposta refírese á promoción da nosa provincia, e nese sentido propoñemos volver formar parte, con carácter permanente, da Fundación Feiras e Exposicións de Ourense. E por último, no ánimo de conseguir o máximo equilibrio territorial posible, propoñemos reforzar a importancia dos concellos da Comarca de Trives e volver ter presenza nos órganos de xestión da Estación de Montaña de Cabeza de Manzaneda. Para rematar esta primeira intervención, e no nome do meu grupo, permítanme unha breve reflexión: estes debates deben servir fundamentalmente para comprobar os proxectos que ten o goberno provincial e contrarrestar este modelo coas alternativas da oposición. Non se trata de que concordemos en todo. A discrepancia é sa na medida en que serve para expresar a pluralidade da sociedade, pero non debería estar, en ningún caso, por riba do interese xeral.

Unha vez rematadas as intervencións dos grupos, e sendo as 12:45 horas, o Sr. presidente suspende o Pleno por un prazo de trinta minutos, anunciando que seguirá ás 13.15 horas.

Ás 13:36 horas reiníciase o Pleno cunha quenda de dúplica do Sr. presidente por un tempo máximo de vinte minutos, á que seguirá unha quenda de redúplica dos grupos políticos por un tempo máximo de dez minutos cada un, coa mesma orde de intervención que a anterior.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

Do **Sr. presidente**, que agradece o desenvolvemento da sesión, cun chamamento a todos e todas deputados e deputadas da Corporación polo exercicio da responsabilidade que nos leva ao desenvolvemento dun pleno destas características. Houbo un tempo para que os grupos políticos puidesen achegar posicións e neste momento ten que dicir algo en relación coas intervencións dos grupos. Agradece todas as propostas e en especial as do Grupo Popular, porque é o grupo de goberno desta institución, porque está a desenvolver o plan de estratexia operativa da Deputación e porque está a apostar pola innovación e polo futuro desta provincia. Non dubida de que todos estean nesa mesma esperanza e nesa mesma dirección. Todos os membros da Corporación teñen que crer no mellor Ourense e tamén crer na súa potencialidade. En canto á intervención do Grupo Socialista di que quizás dedicaron pouco tempo a falar das propostas de futuro, das cuestións que se dixeron neste pleno para que formen parte das conclusións desta sesión plenaria. O noventa por cento do seu tempo dedicárono para falar doutras cuestións (cada un emprega o seu tempo no que cre conveniente), fundamentalmente en falar do tempo anterior, desde o principio dos tempos ata a etapa na que foi elixido presidente (6 de febreiro de 2012, 1012 días). Pouco dos últimos case tres anos (que se cumprirán en febreiro) se puxo sobre a mesa. Os discursos foron previsibles, os lugares comúns de sempre, iso si, falando da coincidencia de que hai dúas palabras, desemprego e demografía, que deben ser a máxima preocupación. Pero tamén hai outra palabra que empeza pola letra d, que é o desenvolvemento da provincia, na que cre fai falta unha cuestión fundamental: a unidade política. A unidade política é unha obriga de carácter gobernante, ao solicitála de todas as formacións que compoñen unha cámara de representación como esta, e nunca se cansará de facer esa invocación á unidade. Un pouco máis polo miúdo, e intentando non consumir os vinte minutos, dicir que o voceiro do Bloque Nacionalista Galego fixo un discurso máis sobre a evolución da provincia nos últimos vinte e cinco anos. Parécelle lexítimo facer ese tipo de discursos. Tamén falou do sector leiteiro, un sector que se tería que ter protexido máis, pero non fixo ningunha mención a cuestións como as que esta provincia alberga, como o Parque Tecnolóxico, que é unha sede da innovación, do desenvolvemento, da intelixencia e establece un enfoque diferente e unha perspectiva de futuro adaptada á realidade de hoxe. Vólvelle dicir ao Sr. Rodríguez Puga que se está aquí é porque quere estar aquí, porque participa da política. Hai 1.012 días que os membros da Corporación Provincial o elixiron,

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014**

coa mesma lexitimidade que puideran ter se elixiran ao voceiro do BNG. Non lle supón ningún problema falar en termos de democracia e se di que se presenta á reelección é porque xa foi elixido e quere que o elixan de novo. Iso será que así o queren os ourensáns, con esa maioría que van pedir, igual que a pedirán todas as forzas políticas na cita de maio de 2015. Dinlle que ten que viaxar máis e en canto a iso di que poucas persoas poden dicir que non viaxa pola provincia, porque todos os días polo menos vai a un concello da provincia (hoxe estará en Cartelle, onte estivo en Rubiá, antonte en Cortegada ...). Naceu nun concello da provincia, Esgos, foi á escola unitaria de Vilar de Cerreda en Nogueira de Ramuín, e dedícase á política desde hai tempo (foi delegado provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, actividade enfocada ao desenvolvemento rural). Houbo cousas que non lle gustaron, como a procesión dos caladiños, referíndose a trece alcaldes elixidos porque os cidadáns así o decidiron, coa mesma lexitimidade e forza que poden ter os catro concellos que teñen un alcalde ou alcaldesa nacionalista. Pide respecto para todos, porque todos van ás eleccións, todos lles piden aos veciños a confianza e a credibilidade, e todos eles reivindicán o mellor e o reivindicán falando, expoñendo racionalmente e sen necesidade de petar en ningunha mesa, senón coa forza da representatividade que cada veciño lle outorga, por iso non se pode falar de covardía e utilizar este tipo de linguaxe. Presentouse xa a dous congresos do Partido Popular e se o fixo, o fai ou o volve facer é porque cre que hai forza dabondo e ilusión dabondo, que é o que o move en política e non ningún afán destrutivo e criticar por criticar. O negativismo non leva a nada, só pode levar a que os cidadáns perciban ese negativismo. Na súa comparecencia parlamentaria na comisión de Economía e Orzamentos, dicíalle á portavoz do BNG, Sra. Paz Franco (que tamén foi voceira na Deputación) que cando el chegou ao Parlamento, hai 13 anos, eran 41 deputados do Partido Popular e 13 anos despois seguen sendo os mesmos, pero daquela o BNG tiña 17 deputados, na seguinte lexislatura 13, na seguinte 12 e hoxe son 7. A xente valora o que se di e o que se fai e sobre todo valora a coherencia política. Falar de clientelismo, cre que ao mellor esquece a etapa de máis clientelismo na Comunidade Autónoma, que foron os consorcios galegos dos servizos sociais, a presunta Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, que foi unha auténtica vicepresidencia da desigualdade e do malestar. Con relación ao Partido Socialista, dicir que é certo que foi quen solicitou o Pleno sobre o debate do estado da provincia; é certo que a

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014**

súa resposta foi que se ía facer; é certo que isto non é unha novidade do Sr. Gómez, porque o Sr. Fernández Fernández propuxo e tivo lugar o debate sobre o estado da cidade, aínda que tamén é certo que non foi unha novidade do Sr. Fernández. Isto está no Código do BO Goberno Local da Federación Española de Municipios e Provincias. O que si é certo é que o Grupo Socialista e o Grupo do BNG votaron en contra do Código Ético que establece a celebración deste pleno. Ademais de en contra do Código Ético, en contra da Ordenanza de transparencia, en contra da Ordenanza de contratacións laborais temporais, en contra de todo o que se puxo sobre a mesa e que contribúe á normalizar e apuntar cara ao futuro esta Deputación (por poñer outro exemplo a Ordenanza de subvencións). Sobre se as deputacións teñen ou non validez, cre que esa é unha cuestión que está fóra de toda dúbida, e se non que lle pregunten ao seu líder autonómico, que preside unha delas (a de Lugo) en coalición co BNG, que seguro está plenamente consciente de que pode facer cousas para a súa provincia e que é un instrumento válido de desenvolvemento. Pregúntenlle tamén a Valentín Cortés Cabanillas, que é o presidente da Deputación de Badaxoz, que será quen organice a segunda conferencia nacional de presidentes de gobernos provinciais. É certo que é fácil falar ben das deputacións cando se goberna na maioría e falar da supresión das deputacións cando se goberna en minoría (neste momento, das 38 de réxime común que hai en España, o PP goberna en 27, o PSOE en 7, e as catro restantes están gobernadas por Convergencia i Unió en Cataluña). En canto ás depuradoras di que de momento non houbo que reintegrar nin un euro. Non sabe se esta é unha boa ou unha mala noticia para a oposición, porque ás veces ten a dúbida de que canto peor mellor. Quere crer que no fondo do corazón da oposición existe ánimo na defensa dos intereses provinciais. Cre que este é o sitio acaído para falar de sanidade pública, falar de ensino aínda que pode formar parte mellor nun debate sobre o estado de autonomía. En canto a falar de maquetas, non sabe se se refire a unha maqueta do edificio xudicial que está próximo a inaugurarse, non sabe se a autovía a Celanova é unha maqueta ou é real, así como as obras que se están a facer no Complexo Hospitalario de Ourense. Salienta que estamos nun momento importante, que este non é un debate calquera, que outras provincias o farán despois tomando isto como referente. O Grupo Popular estudou as propostas da oposición desde o momento no que as presentaron (onte ás once menos cinco) e algunhas delas van contar co voto favorable do Partido Popular. Non lle gustaría que este Pleno quedase nunha anécdota e que esta

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

capacidade de facer propostas en pro da provincia seguira sendo unha liña de marca desta Deputación. Acaba a súa intervención igual que empezou, dicindo que a unidade política é importante, que as maiorías absolutas non xustifican todo, pero para chegar á unidade política hai que ter vocación de chegar a acordos, non dicir que non por dicir que non, sentarse, reflexionar, analizar, pulir o que haxa que pulir, e despois votar, porque votando se lle está a facer un gran servizo a Ourense, e despois de votar cumprir e executar os compromisos e os acordos aos que se cheguen.

**De don Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, e di que en toda a intervención do presidente só dixo unha verdade, que somos unha referencia. Somos unha referencia en que o anterior presidente está inhabilitado pola comisión dun delito continuado, pendente de ver en que queda, polo de pronto non se van ingresar na Deputación os 5,5 millóns de euros dos que se falaban. Agora que a xustiza anda rebulindo hai que ter coidado coas barbas (cando as barbas do teu veciño vexas cortas, pon as túas a remollar). O presidente gábase de varias cousas: de ter reducido a débeda da Deputación e de ter rebaixado considerablemente o capítulo de persoal. A pesar de ser unha verdade a medias no que se refire ao capítulo de persoal, o presidente mente deliberadamente. En primeiro lugar, a redución da débeda da Deputación non é consecuencia da súa brillante xestión, senón dunha obriga legal. En segundo lugar, o que di da redución no capítulo I, é puro artificio contable, pois o aumento de asesores externos (internos tamén), de asistencia técnicas a través dun novo xeito de contratación por medio de autónomos, non se contemplan no capítulo I, nin tampouco o sobrecusto do despedimento ao ser declarado o ERE improcedente. O presidente omite deliberadamente que a xustiza dixo que o ERE, que foi outra das purgas feitas desde que chegou á Presidencia da Deputación, non se xustificaba baseándose nos argumentos esgrimidos pola Deputación. E a súa vontade vaille custar ás arcas da Deputación máis de 500 mil euros, aínda que algún dos despedidos polo ERE vai seguir traballando para a Deputación, polo que queda claro cal era a finalidade do ERE. Porque desde que asumiu a Presidencia, a política de persoal está baseada, non na política da eficacia e da eficiencia, senón na da revancha e na da vendeta e do trato privilexiado aos afíns (que cada vez son menos nesta casa). A proposta de que as prazas de xefe de area, xefe de servizo e directores dos distintos centros da Deputación (Marcos Valcarcel, Teatro Principal e Paco Paz) serán cubertas por libre designación, é dicir,

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014**

*dedocráticamente*, pode ter aparencia de democracia, pero non nos engana, detrás de todo isto non é máis que un aviso a navegantes e un axuste de contas a aqueles que ousaron declarar en contra do seu pai e anterior presidente desta Deputación. Da subxectividade á hora de aplicar as melloras económicas, da fe o aprobado no último Pleno con respecto á proposta de equiparar o complemento específico dos funcionarios do grupo A-2 cos do grupo A1, xa que para beneficiar a algunha persoa en particular, non tivo o máis mínimo reparo en pedirlle a un consultora externa que xustificara tamaño disparate, claro está pagando por elo (transparencia na que tanto insistiu toda a mañá). Os resultados da súa marabillosa política de privatizacións, son perfectamente visibles e cuantificables. O seu pai comezou con Aquaourense, vostede continuou co centro ecuestre de Vilamarín e co de Sandiás. Xa anunciou que en breve serán privatizados os servizos de recollida e tratamento de lixo, o de vías e obras, o Paco Paz. Co Teatro, que é un dos centros máis ruinosos, non cren que se atreva, porque igual non o deixan entrar na casa. Os datos non poden ser máis reveladores. Nas previsións económicas para o ano 2015, que vimos de aprobar inicialmente, as propiedades que a entidade ten en concesión administrativa -é dicir, que aluga para que unha empresa privada se encargue da súa xestión- supoñen tan só un ridículo 0,1 % dos 75 millóns que prevé ingresar durante o próximo exercicio. Propiedades nas que a Deputación investiu enormes cantidades de diñeiro. Aquí cabe destacar a concesión do aparcamento do CHOU. O máis caro de Ourense (pode que do mundo), que lle aboa á Deputación uns exiguos 49 mil euros anuais. Anunciou no último pleno, non por mottu propio, senón por qué o obrigaron (ai a ditosa transparencia), que tamén vai sacar a concurso a granxa de coellos do Reino, na que previamente se están a acometer obras de acondicionamento para que así sexa, segundo palabras súas, máis fácil que o collan. Non vaia pasar como co Centro Ecuestre de Vilamarín que, a dicir da empresa adxudicataria, tiña defectos estruturais anteriores á adxudicación, polo que a Deputación tivo que correr cos gastos das reparacións, case que 10 mil euros. Miúdo negocio!!! A súa xestión, ademais de facer augas por todas partes é incongruente e a golpe de titulares, que é o que funciona. Granxa de Valverde, situada a uns 5 quilómetros de Allariz, mantiñan polo menos ata hai pouco maquinaria moderna e tres traballadores, sen obxecto coñecido, xa que alí hai 14 vacas de raza rubia galega e unhas galiñas de Mos. A maiores, anúnciase que outra granxa de semellantes características situada en Armariz, vai ser obxecto dunha reforma millonaria

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

para crear unha granxa escola con razas autóctonas galegas, obviando totalmente o feito de que no Centro de Fonte Fiz, dependente da Xunta de Galiza, xa existe un espazo de referencia a nivel galego para a conservación das razas autóctonas, onde ademais teñen a súa sede, boa parte das asociacións que xestionan os libros xenealóxicos das distintas especies e razas de gando autóctono, e que poden visitar os rapaces dos centros escolares de xeito gratuíto. Anuncia no Pleno a aprobación dun plan de emprego, e ningunha das propostas de resolución que hoxe presentan concretan, minimamente, o devandito plan. Non será que é imposible concretar o inconcreto? Manifestou que o Medio Ambiente era unha prioridade, e entre un dos moitos anuncios falou da creación dunha Axencia Galega de Enerxía e do Medio Ambiente. Detrás deste anuncio está a privatización, como xa dixeron, do servizo de recollida e tratamento de lixo, privatización que o enfrontou cos alcaldes do seu partido, razón póla cal aínda non viu a luz. O respecto do presidente polo medio ambiente queda patente na toma de decisión, pioneira tamén nesta Deputación, de utilizar herbicida sistémico para rozar as cunetas das estradas. O resultado desta práctica, xunto coa mala praxe, é evidente. Por certo, xa que vai facer un labor de concienciación coa infancia e coa xuventude, ben podería comezar explicándolles a qué obedece este tipo de prácticas nada medioambientais. A asunción de competencias, impropias, en materia de igualdade e servizos sociais, ten dúas finalidades concretas: en primeiro lugar, a renuncia do PP na Xunta a gobernar, e en segundo lugar, dotar de contido ás deputacións, cada vez máis cuestionadas mesmo por persoas do seu propio partido, para que xustifiquen a súa existencia. Disto pódese sacar a conclusión de que cando un pobo se desenvolve, se fai libre, e nunha sociedade libre e desenvolvida economicamente, non é posible manter o nepotismo. Unha política do pasado como é o *baltarismo* só pode manterse se o territorio da provincia segue a ser pasto do despoboamento, da precariedade laboral, da decadencia económica. O desenvolvemento de Ourense é unha ameaza para Baltar e para o Partido Popular, por iso o Partido Popular e Baltar vampirizan as terras e as xentes de Ourense. Levan vinte e cinco ano chuchando o seu sangue, malgastando fondos públicos, facendo que emigre o noso mellor capital humano, provocando que quen non estea disposto a deixarse vampirizar se vaia para fóra. O corpo da provincia ten que se manter feble para que os caciques a siga chuchando a vontade. En Ourense son os aforradores quen teñen que defender o seu diñeiro cando os estafan os bancos; son os emigrantes retornados quen teñen

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

que defender as súas pensións e a súa dignidade fronte aos abusos da facenda do Estado. Baltar nunca conseguiu nada para o pobo, nunca se dedicou a defender os dereitos da xente, se non a outorgar privilexios aos seus achegados. Hoxe seguimos a ter á fronte da Deputación a unha camarilla endogámica (con perdón polo nomeamento) que só pensa en como manter a súa galiña dos ovos de ouro, un *chiringuito*, unha insua *barataria*, onde o Sr. Sancho Panza segue gobernando ao seu antollo. A Deputación e as súas prebendas como razón de ser, mentres a realidade fóra destes vetustos muros do pazo provincial son os máis de 13.000 parados sen prestación, o 25% da poboación en risco de exclusión social, os tres mil habitantes menos que cada ano xa non nos esperan, a emigración forzosa pola frustración da xente nova sen futuro na súa terra. Ourense non merece seguir máis tempo nesta situación. Pídelles aos representantes do Partido Popular que asuman o seu fracaso e deixen de *mamandurriar* as institucións. O máis relevante deste debate sería que fora o primeiro e o derradeiro, porque esta Institución desaparecera. Sen dúbida sería a maior contribución do presidente á política ourensá.

**De don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, que lle pregunta á Presidencia se sabe cal foi a palabra que máis utilizou nos seus dous discursos, que foi “eu”, máis de cen veces. O presidente non ten prezo como comercial, é capaz de vender sandalias no Polo Norte, e venderse el como un estadista. Iso faino quen ten carencias e por iso fan gala disto. Por iso basea o seu discurso en estatísticas, utilizando as administracións de todo o mundo, para tapar as miserias da súa xestión. O Sr. Baltar parece un home anuncio, xa que fixo máis anuncios (segunda palabra máis utilizada) que un canal de teletenda, pero todos sabemos a finalidade dos anuncios: vender fume. O Sr. Baltar debería ser máis humilde. No seu discurso parecía o presidente Obama, porque falou máis doutras institucións, incluso de Washington, que da nosa provincia. Cre que todos os que o escoitaron, aínda que lle aplaudan, senten o mesmo que el está a dicir. En canto a sacar peito polos datos demográficos, di que Eurostat di que somos a terceira provincia máis envellecida de Europa e o presidente di outra cousa distinta, o que demostra que non ten credibilidade. En canto á crear emprego, manifesta que se iso ten a mesma credibilidade que a que pode ter o seu presidente autonómico ou o presidente do goberno, mal imos. Falar de que moitos concellos deberían facer políticas activas de emprego como se fan aquí, é indignante, porque aquí toda a vida se dedicaron a empregar aos seus, incluso se demostra

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014**

coa condena do anterior presidente, aínda que moitos dos que están aquí sentados tamén aprobaban esas cousas. A realidade é que houbo un delito de prevaricación continuada en contratación pública, polo que non lle poden vir dando clases a eles. En canto a falar do bipartito di que só foron tres anos e dos feudos que falaba antes, baixou tres denominacións si, pero eran os mesmos, ou algúns fillos dos mesmos. En canto á cooperación co goberno de España di que cando se pronuncia moitas veces a palabra Ourense, pola cooperación real que fai o goberno do Estado habería que preguntarlles aos seus deputados, que cando se fan propostas para pedir cartos para esta provincia non levantan a man, por exemplo co tema do AVE aquí se acordaba unha cousa e despois os deputados provinciais do PP votaban a contraria. Esta é a situación e os membros do Grupo Popular, como sempre, son uns hipócritas. Parece ser que agora descubriron o termalismo, que está aquí desde a época dos romanos. Onte intentouse aprobar unha emenda no Parlamento de España para potenciar ese tipo de cuestións o grupo do PP votou en contra. Iso é hipocrisía e vender fume. En relación coas medidas de transparencia, pregúntalle ao Sr. presidente se sabe o que pensan os cidadáns da transparencia nesta Corporación. Cómo se lles vai esixir aos cidadáns que pensen outra cousa, despois oféndense se se presenta algunha iniciativa para que non poidan ser deputados os que teñan parentes en primeiro grao de consanguinidade, como as mulleres ou os fillos. Di que a súa muller leva catro anos no paro e non está enchufada en ningún sitio, e o grupo de goberno si que o fai. Pregunta a quen pretenden enganar. Outra cuestión que lle fixo moita graza foi que o Sr. presidente dixo que falabamos do pasado e di que un territorio que non ten memoria non ten futuro, porque é imprescindible saber de onde vimos para saber onde imos, pero o Sr. presidente non o quere saber nin lembrar, porque vimos dunha época na que gobernaba o seu propio pai. Ofendéronse con portavoz do BNG porque dixo que estaban para levantar a man, e como exemplos está que levantan a man para irse de Manzaneda e agora levántana para volver, así como levantan a man para irse de Expourense e agora levántana para volver, e tanto o presidente anterior como este son da mesma saga. En canto a falar ou non de sanidade e educación nesta provincia, di que se o presidente quere falamos de eu son o máis, eu son o que vai facer. A sanidade e a educación son algo fundamental e hai que falar delas porque as están desmontando, e o grupo de goberno desta Deputación está composto por membros do Partido Popular. En canto a devolver os cartos ou non, dille ao presidente que lle pregunte a Montoro, porque

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

Ile fixeron a mesma pregunta e dixo que había que devolver os 10,2 millóns. Non podemos esquecer que xa devolvemos un millón e pico de euros, algo que non di o Sr. presidente. Seguindo coa transparencia, pregúntalle ao Sr. presidente se sabe que está incumprindo sistematicamente co Grupo Socialista en moitas cuestións dese tipo. Pregunta por qué non lles entrega o decreto onde se anulaba o pagamento do Paco Paz no Congreso onde foi elixido, se existe, porque se non existe posiblemente sexa un delito. Cando pediron a información dos traballadores de Aquaourense non se lles deu cinguíndose nun informe técnico en relación coa Axencia de Protección de Datos e resulta que eses datos estaban publicados na páxina web desta institución para mofa de todos. O grave non é isto, o grave é que ao final o Grupo Socialista tiña razón, incluso había máis familiares empregados dos que pensaban, por iso queren privatizar tamén o lixo. *Ourensanía* si, Ourense es mía non. O Sr. presidente non pode vir aquí vender que a xestión dos mil non sei cantos días que leva aquí é a única que existiu e pídelles que non renuncie ás súas orixes, porque esas orixes foron as que o puxeron no cargo que ocupa. En canto ao que o dixo o presidente de que ía ser reelixido dille que o que vai ser é recolocado, porque é certo que foi elixido polos señores que levantan a man dependendo de cómo lles vaia, pero tiveron que facer moitas artimañas para chegar á súa elección e polo tanto non poden dar clases de democracia. Cando o presidente pretende dar clases institucionais, non pode vir aquí e traer un atril (transparente por certo) coas cores do Partido Popular e aproveitar isto para facer un discurso totalmente electoralista, é máis, para presentar aquí a súa reelección, que non lle interesa a ningún cidadán de Ourense. O único que lles interesa aos cidadáns de Ourense é que vostedes deixen de facer as falcatruadas que levan facendo máis de cen anos, incluído o mandado do presidente, porque hai moita modernidade pero con mañas antigas.

De **don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, que di que hoxe por unha vez non lle toca a el rebater (aínda que o corpo lle pida outra cousa) os argumentos “poderosos” dos grupos da oposición, tan ocorrentes pero insultantes. O Grupo Popular non é assembleario e ten o seu réxime de funcionamento, pero non quere dicir que sexan menos democráticos. Manifesta que lle sorprenderon os argumentos da oposición, moi pobres, ocorrentes e incluso cansos e aburridos, porque sempre din o mesmo. Só reproches, propostas ningunha. O grupo provincial do Partido Popular, co seu presidente á fronte, conta cun proxecto innovador, dinámico, aberto e garantista, con vocación de

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014**

servizo e así llo teñen recoñecido os cidadáns da provincia. As liñas de actuación están orientadas todas elas a conseguir un futuro para a nosa provincia, de cohesión social dentro do crecemento económico que xa están a percibir, froito do esforzo de todos e, como non, á creación de emprego para os nosos concidadáns na medida que o permiten as competencias e os recursos económicos dos que se dispoñen. Destaca que no ano 2015, como xa avanzou no debate dos orzamentos, apostan clara e decididamente polos seguintes proxectos, considerados estratéxicos para esta provincia: execución do Plan Termal Provincial co maior investimento da historia dos orzamentos provinciais (máis de 1.500.000 euros de dotación inicial) e en breve será asinado polos presidente da Xunta e da Deputación ese proxecto. O Plan de emprego xove, dotado inicialmente con 1.000.000 euros e que contará co con financiamento do Ministerio de Industria, despois de frutíferas xestións do presidente. Puido observar que ese plan puxo nerviosa á oposición, como o demostraron no debate dos orzamentos e hoxe tamén (pau se remas, pau se non remas). Se se pon en marcha antes das eleccións é electoralista e se o poñen despois tamén. Crearase a Axencia Provincial de Enerxía e Medio Ambiente, co fin de axudar aos concellos na negociación das tarifas eléctricas, algo moi importante para os pequenos concellos. A creación dunha central de compras e actuacións varias en defensa do medio ambiente da provincia. En canto á credibilidade da que falaba o Sr. Gómez Pérez, di que teñen a que lle dan os cidadáns, e non quere lembrar outras administracións, como a que temos ao lado. Con respecto a que hai moitos enchufados en Aquaourense, pide que se informen detalladamente e non só do que sae nos medios e, ao mellor, levan sorpresas desagradables. O grupo de goberno vai apostar tamén pola administración electrónica, a provincia intelixente, o plan de racionalización da estrutura administrativa municipal (REAMO) que lle foi presentado no seu día polo presidente da Deputación ao secretario de Estado de Administracións Públicas, e dada a súa alta valoración estenderase a outras provincias do Estado español. Con este plan preténdese –como xa ten repetido o Sr. presidente– que a provincia se converta en concello único, accesible a calquera cidadán e compartindo toda a información posible. Tamén se porá en marcha o Plan Provincial de Igualdade, co que se pretende completar o Plan BenOurense de servizos sociais. O seu desenvolvemento será comarcal co fin de favorecer a máxima participación da poboación dos concellos, moi dispersa como todos saben. Impulsarase un plan especial para a infancia e a xuventude, orientado, entre outras actuacións, á

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014**

concienciación medio ambiental dos nosos mozos; a potenciación da Estación de Manzaneda cun plan de achegamento á neve dos máis cativos. Executarase unha nova fase de acondicionamento e mellora da granxa-escola de Armariz, co fin de conseguir que esta instalación se converta nun centro de referencia en Galicia e no corazón da Ribeira Sacra. Destaca que no vindeiro ano 2015 incrementárase o orzamento para servizos sociais en máis dun 500%, ao pasar de máis de 70.000 euros no ano 2014 a máis de 3.800.000 euros no ano 2015. Creárase de inmediato o Portal Provincial a Transparencia para os concellos, dado que esta actuación é de máxima prioridade para o grupo de goberno e para o presidente. Debémonos aos cidadáns e, polo tanto, as actuacións teñen que ser necesariamente claras e transparentes. Xa que se está a falar do estado da provincia e, polo tanto, desta Deputación Provincial, é del xustiza lembrar que continúa o descenso nos gastos de persoal: no ano 2013 os gastos de persoal supoñían ase un 42% do total do orzamento, no ano 2014 un 37,5% e no ano 2015 suporán un 35,5%. No ano 2012 a Deputación contaba con 957 traballadores, en outubro deste ano 722, esforzo considerable, aínda que todo é discutible, porque xerar emprego é importante. Mención especial merece o endebedamento, a súa redución foi moi elevada, froito dun gran esforzo de contención do gasto, e así, a 31 de decembro de 2012 estabamos no 116%. O obxectivo do Plan Ourense 92 para 2015 (final de lexislatura) era do 101%, pois ben, a 31-12-2012 a débeda era dun 94,90% (21 puntos menos); a decembro de 2013 a débeda é dun 69,70% (46 puntos menos); e a 31-12-2014 a previsión é dun 58,83% (67 puntos menos). Debe valorarse o esforzo do grupo de goberno, co asesoramento necesario e imprescindible dos técnicos desta casa. Outro dato significativo é que o prazo de pagamento a provedores en 2011 estaba en 120 días, hoxe está en menos de 20 días. En conclusión, nunha conxuntura económica tan difícil como que se está a vivir, entende que están no bo camiño, baseando as súas actuacións na disciplina orzamentaria e sostibilidade fiscal; na tecnificación e cualificación da administración provincial, cunha organización máis racional e eficiente; na potenciación dos servizos sociais en colaboración cos concellos; na defensa do medio ambiente; na cooperación cos concellos en xeral. En suma, no desenvolvemento do Plan Ourense 92, plan de xestión e estratexia operativa do grupo de goberno, presentado polo presidente en xuño de 2012, pero que se completa agora co anuncio das actuacións que complementarán ese plan, que o grupo de goberno aplaude por ambiciosas e por

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

consideralas de especial importancia para a provincia. Se ben o Sr. presidente iniciou e rematou o seu discurso cunha frase do himno, estreado o día de San Martiño, pide permiso para lelo completo, xa que ese día non se contou coa presenza do BNG nin do Grupo Socialista: *Na Ribeira do Miño que acariña meu fogar, miña xente e meu amor, vou tecendo a cantiga da saudade, cando Ourense esmorece no solpor. Ourense, gracia dun soño en flor. Ourense, brétema que doura o sol. Ourense, gloria dun ben mellor. Ourense, patria do corazón.*

Toma de novo a palabra o **Sr. presidente** para agradecer as intervencións dos tres grupos, así como agradecer a presenza de representantes institucionais, empresariais e veciñais, e isto sirva para dar conta das propostas, actitudes, comportamentos, crenzas e apostas sobre o futuro desta provincia e concordarán con el en que se estamos é porque cremos e se cremos é porque hai futuro, e ese futuro hai que facelo todos os días. Dille ao Sr. Rodríguez Puga que purgas, revanchas, vendetas, sóanlle á linguaxe interna da súa organización, aquela que os levou a estar hoxe en proceso de autiliquidación. Estiveron en contra da Constitución, en contra do Estatuto de Autonomía, en contra da Constitución Europea, en contra de todo, ata están en contra deles mesmos. Manifesta que aínda alberga esperanzas de que esa estratexia poida cambiar, de que pensen en clave, de que estean nun proceso de reflexión interna e que os cidadáns saiban aproveitar as súas calidades que a ben seguro as teñen. Mesturou moitas cousas, fala de que se asumiron competencias impropias como a dos servizos sociais e sabe ben que esa competencia se asume por un decreto autonómico que procede do goberno bipartito. Como temos esa competencia exercémola e exercémola ben, por esa razón esta Deputación é un instrumento de xestión. Non vai falar das expresións vampirizar, camarilla endogámica, etcétera, por que cre que só autodefinen a quen as pronuncia, e ese non é o labor dunha cámara de representación política, que ten buscar o acordo. Pide que se fixen no que nos une e que se deixen atrás esas cuestións que, partidistamente, ao mellor se poden utilizar noutros momentos. Diríxese ao Sr. Gómez Pérez e dille que xa non lle gusta que o atril sexa transparente nin que sexa azul, que é a cor da bandeira da provincia e lémbrale que eles tamén tiveron unha etapa azul. Falando enténdese a xente. Escoitou o de sempre, o que leva escoitando nos 39 plenos que leva presidindo e está seguro que o escoitará nos seguintes, pero non se cansará de pedir a unidade política que pediu. Aclara que a oficina estatística da comisión europea se chama

**Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014**

Eurostat (Eurostar é un hotel ou unha cuestión de carácter ferroviario a nivel internacional). En canto á recolocación di que aquí todos están elixidos do mesmo xeito, foron nunhas listas municipais e posteriormente houbo un proceso no que resultaron elixidos. Uns eran titulares e outros suplentes, pero hoxe están aquí todos lexitimamente. Di que eles non lles dan leccións a ninguén, pero debe afondar nas características e nas cuestións que vertebra unha sociedade e nisto ten moita importancia a estabilidade e a solidez das súas institucións e os representantes públicos teñen que ser os primeiros en defendelas. Anunciou que quería volver ser presidente desta institución e o vai facer cun programa electoral, pediralles ás outras forzosa políticas que fagan o mesmo. Cre que isto é bo para todos e que todos os ourensáns vaian votar e desde o primeiro minuto dedicouse a pedir a elección directa dos representantes dos membros da corporación provincial. Falou de que nun momento se votou saír de Expourense e que agora se volve, pero o momento económico neste momento é perfecto par volver a esas institucións (basta con ler como aumentan todas as partidas en 2015). A Deputación de Ourense seguirá liderando a provincia e os seus concellos, exercendo a cooperación e formulando propostas a calquera nivel. Di que a nivel nacional formamos parte de dúas organizacións importantes: a Federación Nacional de Concellos con Centrais Hidroeléctricas (1.000 concellos dos 5.717 que hai en España), formamos parte tamén da Comisión Permanente da Fundación Democracia e Goberno Local, que é un aliado estratéxico non só do labor formativo. Aquí presentouse o Libro Verde dos gobernos locais intermedios (presentación na que non estivo a oposición). Aquí organizáronse as xornadas nas que participou o Secretario de Estado de Administracións Públicas (Antonio Beteta) que loou o Plan Ourense 92 e as actuacións de vangarda do goberno provincial (na que tampouco estivo a oposición a pesar de estar invitados). Tamén os invitaron á presentación do Plan Termal e tampouco estiveron. Invítaos a que o próximo martes vaian ao balneario do Carballiño e estean alí co futuro de Ourense, onde se vai asinar un documento que vai supoñer un antes e un despois. Coa Fundación Democracia e Goberno Local, que agrupa a 24 gobernos provinciais de España, iniciouse unha andaina coa conferencia nacional de presidentes de gobernos provinciais, que se celebrará por segunda vez en Badaxoz en 2015, e en 2016 en Cuenca. Seguirán organizando cousas en 2015 e tamén estarán convidados os membros da oposición e non deixarán de achegar ideas e o seu peso político, mellor co apoio da oposición, e, se non o teñen, co apoio dos cidadáns, que

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

en maio de 2015 terán a oportunidade de pronunciarse, para que se escoite a voz de Ourense. Así será tamén o 1 de decembro en Bruxelas, no Comité das Rexións, onde foi convidado para participar no primeiro cumio europeo de gobernos locais intermedios. Agarda ata ese momento as sempre seguras e positivas achegas da oposición, mentres tanto seguirán apostando por Ourense, tanto en Galicia, en España como en Europa.

**2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS FORMULADAS POLOS GRUPOS.-**

O Sr. presidente di que tal e como tivo oportunidade de comentar cos portavoces dos tres grupos político, citará as propostas unha a unha, comezando coas do BNG, e se algún grupo político quere facer algunha mínima intervención antes da votación, poderá facelo para precisar algunha palabra ou establecer unha emenda in voce.

**PROPOSTAS DO BNG**

**Primeira proposta do BNG: instar ao goberno do Estado para que inicie os trámites para acometer os cambios constitucionais oportunos que acaben provocando a modificación do título 8, e, en consecuencia, a eliminación da provincia e dos entes provinciais.**

**Intervén don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** anuncia que van votar en contra, porque entenden que unha cousa é abrir o debate do que representan estas institucións e a modificación do título 8, e outra cousa é a eliminación da provincia como ente administrativo, que o Grupo Socialista non vai valorar neste momento.

O Sr. presidente somete a votación a proposta que resulta rexeitada ao obter dous votos a favor dos deputados do BNG e vinte e un votos en contra dos deputados presentes do Grupo Popular e do Grupo Socialista.

**Segunda proposta do BNG: solicitar que os deputados que estean imputados en casos de corrupción, mesmo algún deles condenado por defraudar á facenda pública, dimita da súa condición de deputado.**

**Intervén don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista** e manifesta que eles teñen unha liña marcada, que é a apertura de xuízo oral, que explicará na súa proposta, porque hai algún deputado que está nesa situación.

O Sr. presidente somete a votación a proposta que resulta rexeitada ao obter dous votos a favor dos deputados do BNG e vinte e un votos en contra dos deputados presentes do Grupo Popular e do Grupo Socialista.

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

**Terceira proposta do BNG:** No caso de que a resolución da Axencia Tributaria, logo dos recursos formulados, fora contraria ás pretensións desta Deputación e como consecuencia tiveran que devolverse os 10,1 millóns de euros, pola comisión de irregularidades na adxudicación das depuradoras, a Institución, a través dos seus servizos xurídicos, formulará unha demanda para que os responsábeis políticos e técnicos respondan co seu patrimonio, de xeito que iso non supoña menoscabo para as arcas provinciais nin para os intereses da cidadanía.

Non se producen intervencións e o Sr. presidente somete a votación a proposta, que queda rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e dos do Grupo Socialista (7) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14).

**Cuarta proposta do BNG:** o Pleno da Deputación insta á Presidencia a dar marcha atrás nas pretensións de privatizar o servizo de recollida e tratamento de residuos, así como as previsións futuras sobre outros servizos, nomeadamente Vías e Obras.

Non se producen intervencións e o Sr. presidente somete a votación a proposta, que queda rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e dos do Grupo Socialista (7) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14).

**Quinta proposta do BNG:** recuperar, trala negociación previa con FLAGER, a Finca Santamarina para a cidadanía, para que sexa o gran parque e o pulmón verde que Ourense precisa.

Intervén don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que están de acordo co encabezamento de recuperar a finca para a cidadanía, pero pídenlle ao grupo do BNG que non se acoute para o que ten que ser destinada, sempre en función dos servizos públicos. Se aceptan esta proposta votarán a favor.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG,** di que aceptan esa proposta.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a proposta emendada de **recuperar, trala negociación previa con FLAGER, a Finca Santamarina para a cidadanía,** que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e dos do Grupo Socialista (7) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14).

**Sexta proposta do BNG:** renegociar o canon da concesión do aparcamento do CHUO.

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación a proposta, e por unanimidade dos vinte e tres membros corporativos presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Renegociar o canon da concesión do aparcamento do CHUO.

**Sétima proposta do BNG: supresión do INORDE por non cumprir os obxectivos previstos, asumindo as súas funcións desde a área de promoción económica.**

Non se producen intervencións e o Sr. presidente somete a votación a proposta, que queda rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e dos do Grupo Socialista (7) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14).

**Oitava proposta do BNG: negociar coa Consellería de Medio Rural ou cos concellos interesados o traspaso medios materiais de titularidade provincial, que permitan impulsar políticas agrarias, gandeiras e forestais.**

Non se producen intervencións e o Sr. presidente somete a votación a proposta, e co voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (7), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Negociar coa Consellería de Medio Rural ou cos concellos interesados o traspaso medios materiais de titularidade provincial, que permitan impulsar políticas agrarias, gandeiras e forestais

**Novena proposta do BNG: Entaboar negociacións co Concello de Ourense que permitan chegar a fórmulas de xestión compartida do Teatro Principal, pazo dos deportes Paco Paz, Centro Cultural Marcos Valcárcel, xa que a utilización e actividades destas infraestruturas correspóndelle fundamentalmente á poboación da capital.**

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación a proposta, e por unanimidade dos vinte e tres membros corporativos presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Entaboar negociacións co Concello de Ourense que permitan chegar a fórmulas de xestión compartida do Teatro Principal, pazo dos deportes Paco Paz, Centro Cultural Marcos Valcárcel, xa que a utilización e actividades destas infraestruturas correspóndelle fundamentalmente á poboación da capital.

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

**Décima proposta do BNG: elaboración dun plano de rede viaria encardinado coas redes galega, estatal e fronteira portuguesa, xestionando os fondos necesarios para dotar a provincia das infraestruturas básicas para afrontar o seu desenvolvemento.**

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación a proposta, e por unanimidade dos vinte e tres membros corporativos presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Elaborar un plano de rede viaria encardinado coas redes galega, estatal e fronteira portuguesa, xestionando os fondos necesarios para dotar á provincia das infraestruturas básicas para afrontar o seu desenvolvemento.

### **PROPOSTAS DO GRUPO SOCIALISTA**

**Primeira proposta do Grupo Socialista.- Plan de reactivación empresarial.-** Dotar orzamentariamente (2.000.000 €) para axudas a pequenas e medianas empresas, así como autónomos de nova implantación na provincia ou que xa estiveran implantadas e que creen postos de traballo. Redactaranse unhas bases reguladoras nas que como liñas fundamentais se fixarán as seguintes: a) As axudas irán destinadas ao pagamento da cota empresarial da Seguridade Social; b) Período: 1 ano; c) Compromiso das empresas de que unha vez rematado o ano, o 75% dos traballadores obxecto desta subvención pasen a ter a condición de indefinidos. No caso de que non se cumpra o dito requisito, deberán devolver a axuda recibida.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG,** estarían de acordo se se engade que o plan de reactivación vaia a sectores produtivos ligado co punto terceiro. Nese caso votarán a favor.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** entenden que non é legalmente posible propostas como a de axudas ao pagamento da Seguridade Social. En relación coa achega de 2.000.000 € lembra que hai menos dun mes se debateron os orzamentos da Deputación e non tiveron ningunha proposta nese sentido, polo tanto non hai de onde sacar os dous millóns de euros.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** non teñen ningún problema en aceptar a proposta do Sr. Rodríguez Puga. Sobre a legalidade ou non di que

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

noutras deputacións se ten feito este plan e cre que era unha boa iniciativa. Dille ao Sr. Álvarez Dobaño que aquí se fan modificacións dos orzamentos cada mes.

Non se producen máis intervencións e o Sr. presidente somete a votación a proposta sobre o Plan de reactivación empresarial, incluíndo aos sectores produtivos da provincia, que queda rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (7) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14).

**Segunda proposta do Grupo Socialista.- Orzamento participativos:** a) Apertura dun prazo de cando menos un mes para que todos os concellos da provincia poidan realizar as súas propostas ou proxectos baseándose nas súas necesidades; b) Apertura dun prazo dun mes para que todas as asociacións culturais, deportivas, veciñais e de calquera outra índole poidan facer as súas propostas; c) Creación durante a fase de elaboración do orzamento dunha comisión na que estean presentes un representante de cada grupo político na Deputación Provincial e os técnicos dela, para velar pola equidade do reparto de fondos.

Non se producen intervencións e o Sr. presidente somete a votación a proposta, que queda rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (7) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14).

**Terceira proposta do Grupo Socialista: Elaboración dun plan de promoción empresarial e comercialización para adegas e colleiteiros, así como outros produtores integrantes das distintas denominacións de orixe existentes da provincia.-** Dotar unha partida con orzamento suficiente para poder elaborar un plan de promoción empresarial e de comercialización dos produtos da provincia amparados baixo algunha denominación de orixe. No caso específico do sector do viño, fixarase como condición para acceder ao dito plan de promoción que as adegas e/ou colleiteiros asinen un contrato homologado para garantirilles o pagamento aos agricultores.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** aclara que van votar en contra porque o Partido Popular ten unha proposta moi similar pero que non fala dos contratos homologados porque, en todo caso, é competencia da Xunta de Galicia.

Non se producen máis intervencións e o Sr. presidente somete a votación a proposta, que queda rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (7) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14).

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

**Cuarta proposta do Grupo Socialista: Elaboración dun plan de actuación en estradas provinciais.** Para que non aconteza o que acontece todos os anos no referente a estradas provinciais, e que só se arranxan con criterio puramente partidista aquelas estradas que por estratexia política lle interesan ao presidente, e que, ademais, en vez de facer un arranxo integral das estradas estratéxicas en peor estado, ou con maior volume de tráfico, propoñemos a elaboración dun plan de estradas provinciais cos seguintes compromisos: a) Fixar dotación orzamentaria; b) Fixar criterios de actuación; c) Fixar prazos de execución. Así mesmo, que se cree unha mesa de traballo coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e cos concellos para retomar o antigo plan que tiña a consellería para transferir e racionalizar a titularidade da rede de estradas ao longo da provincia.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG,** manifesta que propuxeron unha engádegas no sentido de elaborar un plan de rede viaria encardinado coas redes galega, estatal e fronteira portuguesa, xestionando os fondos necesarios para dotar a provincia das infraestruturas básicas para afrontar o seu desenvolvemento.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** acepta a proposta aínda que no apartado b) xa se refire a fixar liñas de actuación.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** manifesta que van votar en contra porque este plan xa se actualiza ano a ano, de acordo con criterios estritamente técnicos. Lembra que os orzamento do ano 2015 incrementa nun 22% esta achega, polo tanto non procede que se aprobe.

Non se producen máis intervencións e o Sr. presidente somete a votación a proposta, que queda rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (7) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14).

**Quinta proposta do Grupo Socialista: Recuperación dos servizos básicos en réxime de concesión para a súa xestión por parte da Deputación Provincial e declaración institucional de non privatización de servizos básicos e esenciais.** Con especial atención ao servizo de recollida de lixo e aqueles que teñan que ver co ciclo da auga.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG,** manifesta que propoñen unha engádegas, sempre que se poida e que non supoña un prexuízo económico. A cuarta proposta do BNG vai no mesmo sentido.

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, manifesta que para eles iso é entendible, polo tanto non teñen problema.

Non se producen máis intervencións e o Sr. presidente somete a votación a proposta, que queda rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (7) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14).

**Sexta proposta do Grupo Socialista: Transparencia no gasto público.** Crear na páxina web da Deputación Provincial un espazo denominado Información Económica, no que figure o estado de execución do orzamento (ingresos e gastos), e en especial que se publiquen os gastos realizados de xeito que figure: provedor, descrición do gasto e importe da factura aboada.

Non se producen intervencións e o Sr. presidente somete a votación a proposta, e por unanimidade dos vinte e tres (23) membros corporativos presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Crear na páxina web da Deputación Provincial un espazo denominado Información Económica, no que figure o estado de execución do orzamento (ingresos e gastos), e en especial que se publiquen os gastos realizados de xeito que figure: provedor, descrición do gasto e importe da factura aboada.

**Sétima proposta do Grupo Socialista: Rexeneración democrática.** Fixar os seguintes compromisos: a) Que por parte dos/as deputados/as provinciais, para acceder á dita condición, se asine un documento de compromiso de renuncia á acta de deputado/a no caso de apertura de xuízo oral motivado por temas de corrupción (prevaricación, suborno, malversación de caudais públicos, tráfico de influencias ....); b) Asinar un compromiso para despexar todo o tipo de dúbidas que hai sobre varios deputados desta Corporación, de que non poderá ser deputado/a provincial toda aquela persoa que teña traballando nesta institución a calquera familiar con vínculos de consanguinidade ou afinidade de primeiro grao.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, manifesta que non están moi de acordo co punto, dado que eles falan de imputación en temas xerais, e anuncia que votarán en contra.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que para eles a imputación pode producirse por calquera cidadán, outra cousa é que o xuíz ampare esa imputación e que se entre nos eidos da ética e da transparencia. Para o Grupo Socialista o criterio é a apertura de xuízo oral e pareceríalles ben que se asinase ese compromiso para que

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

o presidente non tivese problemas á hora de tomar unha decisión ao respecto. Outra proposta que parece que causa certa urticaria ou que produce un rexeitamento, a proposta b), fixérona porque pode haber incompatibilidades ou debilidades á hora de tomar medidas, como por exemplo cando se ten que afrontar unha redución de persoal e, evidentemente, é máis difícil botar a un familiar que a un que non o é.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, manifesta que espera que esta mesma proposta a presenten onde gobernan ou cogobernan.

Non se producen máis intervencións e o Sr. presidente somete a votación a proposta, que queda rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e do BNG (2).

**Oitava proposta do Grupo Socialista: Partida orzamentaria para os concellos.** Fixar os seguintes compromisos: a) Crear unha partida orzamentaria equivalente ao 10% do importe do orzamento total correspondente a cada exercicio; b) Integrarse dentro da dita cantidade a parte fixada nestes derradeiros anos para o Programa de Cooperación Local; c) Fixar unha serie de criterios de reparto onde se contemplen as seguintes variables: poboación, extensión, dispersión e valoración dos servizos públicos que presten; d) Comprometer que a dita subvención non terá carácter finalista.

Non se producen intervencións e o Sr. presidente somete a votación a proposta, que queda rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (7) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14).

**Novena proposta do Grupo Socialista: Prestación de servizos culturais e deportivos nos concellos de menos de 20.000 habitantes.** A Deputación Provincial de Ourense foi creando ao longo dos anos unha rede de infraestruturas culturais e deportivas na capitalidade provincial (único concello no que non debería prestar servizos), inhibíndose e deixando case completamente de lado aos restantes 91 concellos da provincia de Ourense. Así, en Ourense capital, préstanse servizos que deberían correr a cargo do concello ou doutras institucións e que teñen un custo de case catro millóns de euros (Teatro Principal, Pavillón Paco Paz e Centro Cultural, Escola de Artes e Oficios), duplicando en moitos casos servizos xa existentes na capitalidade provincial. E mentres isto acontece, o investimento en promoción da cultura e do deporte nos outros 91 concellos é case nula. Por isto propomos que se inicien vías de

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

diálogo co Concello, Xunta e/ou fundacións, para poder deixar de prestar estes servizos en Ourense capital e investir eses cartos nas vilas e pequenos concellos do rural

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, cre que o Partido Popular vai votar a favor e que fan esta proposta sabendo o que hai noutras administracións. Esperan que se algún día están (espera que tarde) noutra administración tamén o fagan extensivo.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, manifesta que se alegra de que o Sr. Gómez Pérez presenta o futuro inmediato. Están totalmente de acordo porque esa é a filosofía do presidente e do seu equipo de goberno.

Non se producen máis intervencións e o Sr. presidente somete a votación a proposta, e por unanimidade dos vinte e tres (23) membros corporativos presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Iniciar vías de diálogo co Concello, Xunta e/ou fundacións, para poder deixar de prestar estes servizos en Ourense capital e investir eses cartos nas vilas e pequenos concellos do rural

**Décima proposta do Grupo Socialista: Deixar de prestar servizos impropios relacionados coa agricultura e a gandería.** A Deputación Provincial ten unha rede de granxas espallada por toda a provincial, que pouco levan feito pola mellora real deste sector. Por isto, debería crearse unha comisión na Deputación e abrir vías de diálogo con asociacións do terceiro sector e con implantación na provincia (especialmente asociacións de discapacitados) para poder transferirles a xestión destes servizos a este tipo de colectivos.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, manifesta que queren engadir o seguinte: e negociar doa Consellería de Medio Rural ou cos concellos interesados o traspaso de medios materiais de titularidade provincial, que permitan impulsar políticas agrarias, gandeiras e forestais.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que non teñen problema en engadir iso, aínda que xa estaba recollido.

Non se producen máis intervencións e a Presidente somete a votación a proposta, e por unanimidade dos vinte e tres (23) membros corporativos presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

1º.- Crear unha comisión e abrir vías de diálogo con asociacións do terceiro sector e con implantación na provincia (especialmente asociacións de discapacitados) para poder transferirles a xestión dos servizos que presta a Deputación relacionados coa agricultura e a gandería a este tipo de colectivos.

2º.- Negociar coa Consellería de Medio Rural ous cos concellos interesados o traspaso de medios materiais de titularidade provincial, que permitan impulsar políticas agrarias, gandeiras e forestais.

### **PROPOSTAS DO GRUPO POPULAR**

#### **Primeira proposta do Grupo Popular: Liña de actuación: plenitude democrática.**

Instar ás Cortes Xerais do Estado a modificar a lexislación electoral para que os membros das corporacións provinciais sexan elixidos directamente polos cidadáns, habilitando para o dito fin unha urna máis nas eleccións locais.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación a proposta, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14), o voto en contra dos deputados do BNG (2) e a abstención dos deputados presentes do Grupo Socialista (7), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Instar ás Cortes Xerais do Estado a modificar a lexislación electoral para que os membros das corporacións provinciais sexan elixidos directamente polos cidadáns, habilitando para o dito fin unha urna máis nas eleccións locais.

#### **Segunda proposta do Grupo Popular: Liña de actuación: participación cidadá.**

Modificar o Regulamento Orgánico da Deputación, para procurar que os cidadáns poidan, rematadas as sesións plenarias, formularlle preguntas á Presidencia da Corporación, presentadas no prazo e co procedemento que se determine.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que van votar a favor e que poderían votar a favor de case todas as que presentan, porque son cuestións que xa están recollidas en moitos eidos. Esta en concreto xa está recollida.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a proposta, e co por unanimidade dos vinte e tres (23) membros corporativos presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

- Modificar o Regulamento Orgánico da Deputación, para procurar que os cidadáns poidan, rematadas as sesións plenarias, formularlle preguntas á Presidencia da Corporación, presentadas no prazo e co procedemento que se determine.

**Terceira proposta do Grupo Popular: Liña de actuación: transparencia.** Poñer en marcha o portal Ourense Transparente, dotando aos gobernos locais de Ourense dunha ferramenta para cumprir coas obrigas legais de transparencia.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación a proposta, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e do BNG (2) e a abstención dos deputados presentes do Grupo Socialista (7), o seguinte acordo:

- Poñer en marcha o portal Ourense Transparente, dotando aos gobernos locais de Ourense dunha ferramenta para cumprir coas obrigas legais de transparencia.

**Cuarta proposta do Grupo Popular: Liña de actuación: xestión económica.** Someter a Pleno da Deputación a aprobación inicial dos orzamentos do seguinte ano na sesión ordinaria do mes de setembro.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** anuncia que van votar en contra porque os prazos de aprobación do orzamento xa están recollidos e se se aproban máis cerca deses prazos poderíanse recibir investimentos que non estarían contemplados. Un orzamento debe ser algo cribable, e aprobalo antes non significa que sexa mellor

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a proposta, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Socialista (7), o seguinte acordo:

- Someter a Pleno da Deputación a aprobación inicial dos orzamentos do seguinte ano na sesión ordinaria do mes de setembro.

**Quinta proposta do Grupo Popular: Liña de actuación: cooperación cos concellos.** Poñer en marcha o portal de factura electrónica F-Ourense, para apoiar aos concellos na incorporación da factura electrónica obrigatoria a partir do 15 de xaneiro de 2015.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación a proposta, e por unanimidade dos vinte e tres (23) membros corporativos presentes na sesión, o seguinte acordo:

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

- Poñer en marcha o portal de factura electrónica F-Ourense, para apoiar aos concellos na incorporación da factura electrónica obrigatoria a partir do 15 de xaneiro de 2015.

**Sexta proposta do Grupo Popular: Liña de actuación: economía, emprego e sectores produtivos.** Deseñar, coordinadamente con outras administracións e co sector privado, a implantación na provincia dun parque empresarial exclusivamente vinculado ao sector agroalimentario.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación a proposta, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (7) e do BNG (2), o seguinte acordo:

- Deseñar, coordinadamente con outras administracións e co sector privado, a implantación na provincia dun parque empresarial exclusivamente vinculado ao sector agroalimentario.

**Sétima proposta do Grupo Popular: Liña de actuación: sector vitivinícola.** Implementar, a través dos consellos reguladores das catro denominacións de orixe da provincia, un portal de comercialización do sector (“ENOURENSE”) con plan de márketing e comunicación on-line.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG,** quere aclarar que se van abster porque consideran que a proposta non é suficiente.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** anuncia que votarán en contra, aínda que o espírito é parecido á súa proposta. Teñen moi claro que independentemente das competencias, as persoas ou empresas que queiran recibir este tipo de axudas teñen que ter asinado un contrato homologado, porque senón estaríamos nas mesmas.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a proposta, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (7) e a abstención dos deputados do BNG (2), o seguinte acordo:

- Implementar, a través dos consellos reguladores das catro denominacións de orixe da provincia, un portal de comercialización do sector (“ENOURENSE”) con plan de márketing e comunicación on-line.

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

**Oitava proposta do Grupo Popular: Liña de actuación.:turismo provincial.** Deseñar e executar un plan de posta en valor da Vía da Prata e do Camiño do Inverno ao seu paso por Valdeorras como rutas xacobeas.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, anuncia que votarán en contra e faille entrega dun libro ao Sr. presidente relacionado coa Vía da Prata, para que lle bote unha ollada.

O **Sr. presidente** entrégalle ao Sr. Rodríguez Puga un libro titulado “Ciudades y ciudadanos en Ourense 2033”, que é o futuro.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a proposta, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (7) e o voto en contra dos deputados do BNG (2), o seguinte acordo:

- Deseñar e executar un plan de posta en valor da Vía da Prata e do Camiño do Inverno ao seu paso por Valdeorras como rutas xacobeas.

**Novena proposta do Grupo Popular. Liña de actuación: promoción provincial.** Volver formar parte, con carácter permanente, da Fundación Feiras e Exposicións de Ourense.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, anuncia que votarán a favor, porque xa no seu momento votaron en contra da separación. Queda clara a incoherencia do Grupo Popular, e pide que se volva tamén ao Festival de Cine de Ourense.

O **Sr. presidente** dille ao Sr. Gómez Pérez que podían ter formulado esa proposta para aprobar neste Pleno.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a proposta e por unanimidade dos vinte e tres (23) deputados presentes na sesión, o seguinte acordo:

- Volver formar parte, con carácter permanente, da Fundación Feiras e Exposicións de Ourense.

**Décima proposta do Grupo Popular. Liña de actuación: equilibrio territorial.** Reforzar a importancia dos concellos da Comarca de Trives e volver ter presenza nos órganos de xestión da Estación de Montaña de Cabeza de Manzaneda.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, anuncia que están a favor da proposta, e quere pensar que cando se fala de entrar nos órganos de xestión se refire a todas as consecuencias que leva consigo. Dille ao Sr. presidente que o grupo do non e o grupo que miraba para o pasado e que non achega nada, acaba de aprobar o 50% das

<b>Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 14 de novembro de 2014</b>
---

propostas do Grupo Popular, aínda que non signifiquen nada, e o grupo do si, da potenciación da provincia, a propostas do Grupo Socialista bastante máis interesantes e con efectividade real para os cidadáns e cidadás desta provincia, non foron aprobadas polo Partido Popular e quedaron onde non debían.

O Sr. presidente manifesta que o Grupo Popular ten o seu criterio e somete a votación a proposta, e por unanimidade dos vinte e tres (23) deputados presentes na sesión, o seguinte acordo:

- Reforzar a importancia dos concellos da Comarca de Trives e volver ter presenza nos órganos de xestión da Estación de Montaña de Cabeza de Manzaneda.

E, ás 15.00 horas do citado día catorce de novembro do ano dous mil catorce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión extraordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**